



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2015.

### ASISTENTES:

#### **Alcalde-presidente**

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL ( PSdeG-PSOE)

#### **Concelleiros/as**

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO ( PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ ( PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL ( PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ ( PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PLAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. M<sup>a</sup> CONSUEL VISPO SEARA (P P)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA ( D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO( GRUPO MIXTO)

#### **Secretaria Xeral**

D<sup>a</sup> Silvia Alonso Fernández

#### **Interventora de fondos**

D<sup>a</sup>. Eva García Fernández

*No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 9 de novembro de 2015 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.*

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



## PARTE RESOLUTIVA

### 1- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES (14/09/2015 e 05/10/2015)

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Boas tardes a todos e a todas, damos inicio a este Pleno que tiña que iniciarse ás 19:30 horas, pero por un problema particular de mobilidade da señora Secretaria atrasámolo un pouquiño e está de Secretaria accidental Esther. O primeiro punto da orde do día é a aprobación das actas anteriores que son a do 14 de setembro e do 5 de outubro. Votos a favor, abstencións, votos en contra. Repetimos a votación como deferencia ó Partido Popular. Se queren votamos por separado as dúas actas. Votos a favor da acta do 14 de setembro de 2015. Votos a favor da acta do 5 de outubro de 2015, votos en contra, abstencións. Quedan aprobadas as dúas actas.

**A sra. Vispo toma a palabra (PP):** Boas tardes a todos e a todas, o Grupo Popular abstense nesta votación, perdón polo inicio porque estaba pensando niso mesmo, temos que dar as grazas ós técnicos e por iso nos abtemos, pero o Grupo Popular o que quere é que se reflecta sempre o que son as palabras que din todos os grupos aínda que sexan como di o señor Alcalde os insultos non persoais senón políticos, queremos que se reflectan na acta, entón neste caso como houbo un problema técnico, o Grupo Popular quere que quede en acta que efectivamente nos abtemos, pero que damos as grazas os técnicos para poder transcribir as actas, pero que a segunda vez que volva a pasar si vamos a estar, queremos ter ese aviso para que realmente se transcriba todo o que os grupos políticos din no Pleno para que nas actas quede reflectido e que os veciños e veciñas de Barbadás poidan lelo correctamente. Moitas grazas

**Sen máis sométese o asunto de votación resultado aprobado por unanimidade a acta do 14/09/2015 e aprobada cos votos a favor do PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto, e a abstencións do PP a acta do 5/10/2015.**

### 2- ELECCIÓN DO XUÍZ DE PAZ, TITULAR E SUBSTITUTO

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O segundo punto da orde do día é a elección do Xuíz de Paz, titular e substituto. Este é un procedemento que está conforme ó disposto no artigo 101 da Lei orgánica do poder xudicial, e o obxecto do mesmo é a elección de Xuíz Paz titular e substituto do Concello de Barbadás, o prazo de presentación das solicitudes é de 15 días hábiles dende a data de publicación do anuncio no BOP, os requisitos son ter nacionalidade española, e ser maior de idade e non estar incurso



en causas de incompatibilidade previstas no art. 303, incompatibilidades tamén sinaladas no art. 389 a excepción do exercicio de actividades profesionais e mercantís. A documentación deberá ir dirixida á Alcaldía, e teñen que aportar a certificación de nacemento ou fotocopia do DNI, certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e unha declaración complementaria a se se acha inculpado ou procesado, e finalmente a xustificación de méritos que poidan alegar. Votos a favor. Queda aprobada polo tanto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultado aprobado por unanimidade o seguinte acordo:  
**“Elección de Xuíz de Paz, titular e substituto”**

### **3- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA DE ANIMAIS DOMÉSTICOS E SALVAXES E CATIVIDADE.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O terceiro punto da orde do día é a aprobación inicial da ordenanza de animais domésticos e salvaxes e catividade, ten a palabra a Concelleira Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Grazas. Boas tardes a todos e a todas. A elaboración desta ordenanza responde como todos sabedes a unha liña programática mantida actual Goberno Municipal. Levamos anos reclamando a necesidade de crear un marco normativo que defina as obrigas dos propietarios de animais, que defina os dereitos dos animais domésticos e salvaxes en catividade, e que defina tamén as infraccións e sancións, é moi importante isto. Hai lugares como A Valenzá nos que a poboación de animais todos sabemos, fundamentalmente de cans e cadelas aumentou de xeito considerable. Dende o PSdeG xa solicitamos en reiteradas ocasións que era precisa unha campaña de concienciación cidadá para a recollida de excrementos, para evitar que os animais entren en zonas non permitidas, para favorecer o seu espaxamento nun lugar idóneo e, en suma, para mellorar a convivencia cidadá. Con esta ordenanza daranse pasos importantes a todos niveis porque se establece a obrigatoriedade de adoptar as medidas necesarias para impedir que ensucien as vías e espazos públicos de zonas urbanas. Tamén se obriga a recoller os excrementos que os animais depositen nas beirarrúas, vía e espazos públicos. Dende o goberno xa se están adoptando dende hai semanas as medidas oportunas para facilitar o espaxamento dos animais en lugares acoutados. Colocarase en breve sinalización para informar da situación do parque de cans porque actualmente carece de carteis indicativos da finalidade do parque, e induce a confusión, e na medida da dispoñibilidade económica está previsto instalar elementos de xogo específicos nesta área. Este parque estase mellorando para que non sexa terra de ninguén, senón un lugar idóneo ó que acudir coas nosas



mascotas. Outro dos avances que traerá consigo esta ordenanza será a obrigaón que teñen os propietarios e as propietarias a inscribilos nun censo. Este sistema de control dos animais que existen no municipio facilitará as tarefas de busca en caso de perda ou a identificación dos donos ou das donas no suposto de que o animal fose abandonado. Defínense tamén obrigas que melloran novamente a convivencia cidadá no que se refire ó feito de deixar nos patios, terrazas, galerías ou balcóns porque non estará permitido facelo entre as 12 da noite e as 8 da mañá. O Concello de Barbadás asume tamén responsabilidade respecto dos animais cando se especifica no artigo 11 que facilitará os medios e espazos axeitados para que poidan realizar as súas funcións fisiolóxicas nas debidas condicións hixiénicas. Remitímonos ó parque de cans e ós dispensadores de bolsas. Nas últimas semanas estase intensificando a reposición de bolsas para a recollida de excrementos nos kioscan que hai distribuídos por A Valenzá. Neste sentido pedimos a máxima colaboración cidadá para contribuír a manter unha vila máis habitable. É destacable tamén a posibilidade de que as autoridades limiten ou prohiban as zonas e horas nas que poderán circular ou permanecer os animais en parques ou outros espazos públicos frecuentados por nenos e nenas. Despois tamén se establece o tempo que pode permanecer un animal abandonado baixo custodia pública que pode ser pública ou a través dunha protectora que poden ser 20 días. Na actualidade o protocolo de actuación por se alguén non o sabe é o seguinte: Protección civil recolle o animal, comproba se ten chip ou non. No caso de non ter chip que identifique ó animal permanece nas instalación de Protección Civil 2 días, tentándose localizarse ó dono a través das redes sociais e por outros medios, e pasado ese tempo o animal desprázase a Progape. Protección Civil ten destinada unha contía anual para este fin coa que se cobren os gastos veterinarios e os de custodia do animal a Progape. Cada animal ten un custo de entre 25 e 50 euros en función do peso, e dicir tamén, que as instalación de Protección Civil son un medio que eles utilizan esas instalacións pero non é un medio axeitado no que os animais poidan estar, porque só teñen cabida para 4 animais, entón non é o idóneo, agora mesmo xa sabedes moitos de vós que hai en proceso de creación unha protectora de animais que se vai a encargar un pouco de canalizar a axuda tanto a cans como a gatos. Tamén nos parece importante desta nova ordenanza que se definan especificamente as infraccións leves que poden parecer unha bobada pero non o son como son a recollida inmediata de excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública, ata agora isto non ten ningunha multa non está recollida aínda que na Lei galega pode facerse, por ó ter unha ordenanza municipal o cumprimento é moito máis efectivo, xa sabedes que a multa oscila entre os 100 e entre os 500 € por cuestións como poden ser as ocasionadas á veciñanza polo incumprimento desta ordenanza, pola



entrada e permanencia en lugares onde se manipulan alimentos, e establécense tamén as infraccións graves con multas de entre 500 e 5000 €, e as multas moi graves, como pode ser o maltrato os animais que lles causa a morte ou a venda de animais con enfermidades infecciosas coñecidas ou a esterilización ou sacrificio de animais sen control facultativo. Para nós esta ordenanza é un avance aínda que estamos suxeitos ás posibles alegacións que no seu momento se presenten.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto, señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto):** Boas tardes a todos e grazas por asistir á veciñanza. Sobre esta ordenanza nós estamos de acordo nun tanto por cen elevado e simplemente temos dúbidas sobre o artigo número 7 onde di: “Queda prohibida a cría doméstica de aves de curral, coellos, pombas e outros animais análogos en domicilios particulares dentro do núcleo urbano, tanto se é en terrazas, como en cerrados ou patios”. Queremos saber antes de emitir unha votación se isto se refire só a A Valenzá, se refire a todo o Concello, o núcleo urbano, ou sexa, o núcleo urbano dos pobos tamén está dentro deste artigo ou non, porque sabemos que nos pobos nos núcleos hai xente que vive e ten patios, e ten aves de curral e prohibirille iso cando están convivindo cos veciños e sen problema ningún, e cremos que hai que aclarar ese artigo. Logo o artigo 21 onde di: “Os animais que non fosen retirados polos seus donos nin cedidos en adopción no prazo de tres meses, ou antes nos supostos de urxencia, poderán sacrificarse por procedementos autorizados baixo control veterinario, para evitar sufrimentos, de forma que o método empregado implique a perda inmediata da consciencia e o mínimo sufrimento posible”. Quen vai a sacrificar eses animais, como vai ser a metodoloxía ou a actuación a levar a cabo, tamén non queda claro aquí nesta ordenanza. Polo demais nada máis. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

**A sra. Fina Varelas toma a palabra (Democracia Ourensana):** Boas tardes a todos. En primeiro lugar non estou de acordo con isto que acaba de ler Victoria, porque fala de Progape, dicindo que os animais que se van levar para alí ós dous ou tres días, aquí nestes papeis non fala nada diso, sacrificar ós animais ós tres meses, o que me parece unha auténtica aberración porque penso que vamos para adiante non para atrás non é cuestión de ir matando animalíños que boa desgraza xa teñen estar abandonados, cheos de fame, de feridas e demais cousas. Democracia Ourensana por Barbadás como sabedes no seu programa electoral levamos a proposta dunha creación dunha protectora de animais, iso é algo que vou loitar dende agora, ata que pasen estes catro anos, porque eu penso que as casas fanse por pavimentación non polos tellados, moito legislar, e que facemos cos animalíños, chamamos



ós de Protección Civil que os teñan alí dous ou tres días, e o problema para Ourense, iso é bochornoso é vergoñento. Non estamos tampouco de acordo, o outro día na Comisión Informativa como dixo agora Padrón os núcleos urbanos tamén están dentro do rural, nos cascos dos pobos e todo o mundo sabemos que hai veciños que teñen galiñeiros e teñen patios onde crían coellos, galiñas, pombas e demais bichos, tamén o vamos a prohibir. E hai outro tema que tamén di, non sei en que apartado, ten tanta cousa para dicir tan pouco, di que os animais non poden acceder a establecementos onde haxa comida, ou sexa bares, vouvos facer unha pregunta, todos sabedes como é A Valenzá, todos sabedes a cantidade de terrazas que hai, todos sabedes o que fai a xente no verán, ou na primavera, ou no outono, séntanse na terraza cas súas mascotas, esas persoas tamén van a recibir multas por estar cos cans nunha terraza, penso que o tomedes con máis cariño que son animais, animais amigos, os nosos compañeiros, e total tanto para dicir tan pouco. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira do Grupo Popular, ou voceiro.

**O sr. Fernández toma a palabra (PP):** Boas tardes a todos e a todas, dicía vostede señora Morenza que se atoparon unha vez que entraron no goberno sen ningún tipo de lexislación ó respecto. Pois explícolle, esta ordenanza que vostedes propoñen é unha mistura do articulado na Lei 1/1993 e do Decreto 90/2002 de carácter autonómico e de aplicación ámbalas dúas a nivel municipal, o único que se inclúe nesta ordenanza que vostedes expoñen hoxe de colleita propia é o respecto dos artigos 7 e 8, prohibición da cría doméstica de aves de curral, coellos, pombas e análogos en domicilios particulares, condicionar a tenencia de animais domésticos en domicilios sempre que se cumpran as condicións de seguridade e hixiénicas contidas na normativa anterior e censalos, e a prohibición de que causen molestias ós veciños polo lugar onde se atopen estes animais entre as 24 horas e as 8 horas, todo elo dentro do núcleo urbano. Manifestar que non existía nada ó respecto nos parece fóra de lugar ademais existe dende hai tempo unha ordenanza municipal reguladora da tenencia de animais potencialmente perigosos. Recórdolles ademais que o Concello deberá facilitar os medios e espazos axeitados para que os animais poidan compartir a súa convivencia coas persoas, para elo o anterior goberno deixou habilitado un parque que nada máis cumpría sinalalo axeitadamente e sinalalo, proposta que o Partido Popular fixo aquí o pasado mes de setembro e que vostedes, curioso, votárona en contra. Tamén sería necesario ir pensando nun servizo de canceira municipal cuns servizos veterinarios axeitados, xa que cada vez máis persoas optan por acompañarse dun animal de compañía, hai asociacións para isto moi vinculadas e que fan unha labor excepcional e que ben poderían xestionar este servizo, iso si nestes artigos que vostedes presentan hoxe esquécense de sinalar que para



a recollida dos animais abandonados debería ser o servizo de Protección Civil Municipal que o faga como o están facendo ata agora dunha maneira moi efectiva, pero supómonos que xa se poñerían en contacto con eles e que xa o teñan bastante resolto para podelo incluír. Nós imos votar en contra da moción porque imos a presentar alegacións con todo isto que acabo de dicir. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señor Manuel. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Ben, dicir que o tan controvertido artigo 7 que di que queda prohibida a cría doméstica de aves de curral, xa é algo que recolle a lexislación vixente, non está inventado, non o inventa esta ordenanza, esta na lexislación. Evidentemente queda prohibida, xa sabemos todos que nos pobos existen aves de curral, existe cría, isto non significa que se faga, tamén existía cando estaban vostedes a lexislación autonómica e non a estaban aplicando, a Policía Local non tiña directrices para aplicar as multas que si se podían ter aplicado. Sobre o tema do sacrificio de feito na ordenanza asegúrase que si se poderán sacrificar, evidentemente non se van sacrificar, está xa dixemos ó principio na exposición que se está creando unha asociación protectora de animais, nós estamos pola defensa dos animais por iso elaboramos esta ordenanza, iso é algo que recolle a Lei e di poderase sacrificar, evidentemente non se van sacrificar, non se están sacrificando en Ourense, non se van sacrificar en Barbadás. Sobre o tema da protectora cando estea creada, cando se dean os pasos para que exista unha protectora, para cando se saiba que traballo podemos facer en común pois firmárase un convenio e seguiranse dando pasos, simplemente é un marco normativo. Sobre o tema da manipulación de alimentos dos que falaba a compañeira Fina Varelas, dicir que o artigo dio claramente, de que non se pode a entrada de permanencia de animais en locais dedicados á fabricación, venta, almacenamento, transporte ou manipulación de alimentos, nas terrazas non se manipulan alimentos, manipúlanse nas cociñas, entón non afectaría para nada para iso, afectaría ós supermercados, afectaría á cociña dun restaurante por poñer por exemplo. Din vostedes os señores Concelleiros do Partido Popular que existía unha ordenanza de animais perigosos, si, pero nós levamos anos reclamando unha ordenanza de animais domésticos que inclúa a todos os animais, ós cans, gatos e animais salvaxes en cativeiro, por iso esta ordenanza intenta ser máis ampla, non cingirse só ós animais perigosos que vostedes lembren que aprobaron esa ordenanza no seu día porque era un clamor que había que levar a cabo unha regulación específica, tamén presionados dende os grupos da oposición. E sobre o tema da canceira municipal como ben digo, isto é un marco normativo no que iremos dando pasos, unha canceira municipal ten un custe elevado, evidentemente





hai canceiras comarcais que se están poñendo en marcha ó longo e ancho da provincia e todo este tema a articulación dos convenios cunha protectora de animais, a creación dunha canceira son pasos que se irán dando, agora estamos construindo a casa dende abaixo, dende os cimentos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Victoria Morenza. Señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, a miña pregunta segue sendo a mesma, ¿queda prohibida a cría doméstica en aves de curral?, por exemplo no núcleo de Piñor, ou de Sobrado.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Voulle responder eu se mo permite, a lexislación así o contempla, senón hai ningún tipo de denuncia, non se actuará, pero a lexislación en núcleo urbano, en casco urbano impídeo, e non estamos aquí inventando nada, pode informar a señora Secretaria se quere de que esa é a lexislación e nós témola que aplicar.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Os núcleos dos pobos son núcleos urbanos

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Núcleo urbano, do que se fala é de núcleo urbano, a consideración que teña a efectos urbanísticos en cada lugar, entón iso é o que contempla a lexislación non esta ordenanza, senón a translación da lexislación autonómica e estatal a esta ordenanza. Pódolle poñer un caso agora mesmo, teño unha nota para falar cunha señora no entorno de A Valenzá, non no centro de A Valenzá pero si no entorno de A Valenzá, porque quere denunciar precisamente que se están criando galiñas ó carón da súa casa. Quedei con esa señora para mañá

**O sr. Padrón toma a palabra:** Quere dicir que nos pobos a xente que ten hoxe aves de curral nos núcleos onde están as casas pegadas unhas ás outras, en patios que ó mellor as teñen en boas condicións o veciño pode denunciálo para que retiren esas aves.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Volvo a insistir é o que contempla a lexislación de ámbito superior a esta, xa podían antes, non é unha innovación que traemos nós aquí, existe unha lexislación sobre o tema, que nós a consideremos xusta ou inxusta, que sexa factible ou non, pois é a lexislación que hai non podemos ir en contra desa lexislación, independentemente de que se recolla ou non na ordenanza se alguén denunciara o ámbito superior é o autonómico e o estatal, sería de obrigado cumprimento tamén.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Pero se eses animais están nas condicións hixiénicas e de salubridade

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O que diga a Lei non contempla, se a Lei considerase como parámetro a valorar que estea en boas condicións sanitarias, que non cause trastornos, que non cause cheiros, a lei se o contemplara, perfecto, non o contempla, a Lei di isto.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ou sexa, que nós fagamos ou non fagamos esta ordenanza





**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ía ser de aplicación este punto

**O sr. Padrón toma a palabra:** Calquera persoa que denuncie diante da Xunta vai a ser aplicado igual

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Teño dúas denuncias unha en Sobrado e outra en A Valenzá, dúas, unha está resolta, a outra falarei coa veciña

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ou sexa que nós non temos nada que facer

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Sobre isto non, non se pode facer nada, non é así señora Secretaria, para que lle quede claro ó señor Ramón Padrón

**O sr. Padrón toma a palabra:** Claro que me ten que quedar claro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Claro é que eu quero que quede claro, é unha lexislación de ámbito superior á ordenanza municipal. Ten a palabra a señora Fina Varelas. Moitas grazas Ramón.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Hai unha cousa que non entendo, segundo di Victoria os animais non se van a sacrificar, entón porque aparece nese parágrafo, que pasa que a min as promesas de palabra non me valen as de ningún político, nin a súa, nin as miñas, poderán, e que xa non podería nin poñerse, os animais non se sacrifican. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra Manuel. Non. Quería facer unha pequena consideración sobre o que está dicindo a señor Fina Varelas, artigo 21 di: “poderán sacrificarse por procedementos autorizados baixo control veterinario, para evitar sufrimentos”, non que se sacrifiquen sistematicamente, para evitar sufrimentos, é dicir, no caso de que o animal se atope en mal estado, en estado terminal. Votos a favor, abstencións, votos en contra.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Hai que volver a votar, porque se produce un empate, entón nesta segunda volta decide o voto de calidade do Alcalde, ao non requirir maioría absoluta, hai que facelo formalmente de novo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor, abstencións, votos en contra .

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Voto de calidade do Alcalde

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdG-PSOE, BNG, as abstencións do Grupo Mixto, e os votos en contra do PP e DO o seguinte acordo: “ **Aprobación inicial da ordenanza de animais domésticos e salvaxes e catividade**”



#### **4- APROBACIÓN DAS TARIFAS AUTORIZADAS POLA XUNTA DE GALICIA PARA O TRANSPORTE URBANO EN AUTO-TAXI DESTE CONCELLO.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O cuarto punto da orde do día é a aprobación das tarifas autorizadas pola Xunta de Galicia para o transporte urbano en auto-taxi deste Concello. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra (BNG):** Boas tardes ó público asistente, boas tardes señoras Concelleiras e Concelleiros. Isto era algo que xa tiña que estar aprobado no Concello de Barbadás dende xuño deste ano, a nova Lei de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia obrigaba dende o ano 2013 a que nun período transitorio de dous anos se adaptasen en todos os concellos de máis de 2.000 habitantes, se adoptasen unhas medidas para establecer as tarifas naqueles que houbera servizos de taxis, por diversas circunstancias administrativas foise demorando no tempo e traémolo hoxe a Pleno despois de que fose aprobado na mesa de prezos da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Comercio da Xunta de Galicia. As tarifas que vamos a aprobar, que propomos a aprobación hoxe para o Concello de Barbadás son as mesmas tarifas que van a rexer nos concellos do resto da provincia de Ourense con máis de 10.000 habitantes, é dicir, son as mesmas que vai a haber no Barco de Valedorras, en Verín, no Carballiño, en Xinzo e en Barbadás, porque é unha proposta que sae da propia asociación de taxistas da provincia de Ourense. En Ourense as tarifas xa están aprobadas hai máis anos son practicamente igual redúcense en un céntimo a baixada de bandeira e moi pouco no resto da tarificación e esta é como é unha proposta que fixeron a propia asociación de taxis e está aprobada pola Xunta de Galicia nós traémola a este Pleno para que se aproben, agora para os taxistas vai ser obrigatorio que poñan o taxímetro, cando lle demos unha copia do acordo de hoxe terán que levalo no coche e o taxímetro á ITV para que o proben, para que o inspeccionen, para ver que funciona ben, e terán que funcionar con el obrigatoriamente en principio. Tamén quero anunciar, adiantar que é vontade deste Grupo de Goberno chegar a un acordo cos taxistas deste Concello para elaborar unha ordenanza que regule o funcionamento dos taxis de Barbadás en canto a paradas, en canto a servizos, en canto a estacionamentos, en canto a cales van ser as horas, e os taxis que teñen que estar de garda para atender á veciñanza, nós entendemos que é un servizo público e que se ten que prestar coa mellor calidade posible.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Non teño nada que dicir neste punto.



**A sra. Vispo toma a palabra:** Estamos a favor o Partido Popular e a través da asociación de taxis de Ourense, nós falamos tamén cos taxistas de aquí de Barbadás, están de acordo, loxicamente foi aprobada pola Xunta de Galicia non temos nada que dicir neste punto, senón aprobalo, o que si estamos de acordo co Tenente Alcalde de Barbadás en que nós falamos con eles para iniciar tamén esa colaboración do Partido Popular en pór unhas horas nas paradas, uns servizos mínimos, e dende logo tamén unha persoa que necesite un servizo de urxencia que poida chamar a algún teléfono onde se lle poida atender e non teña que a veces ás horas imprudentes da mañá, de 3, 4 da mañá, que se atope alguén mal e que non o poidan atender, todos temos taxis amigos en Barbadás e podemos facer uso deles, pero o que queremos é que a cidadanía teña un teléfono ó que poida chamar e arranxar a urxencia que teña no momento. Grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Aprobación das tarifas autorizadas pola Xunta de Galicia para o transporte urbano en auto-taxi deste Concello”**

### 5- PREZO PÚBLICO INSTALACIONES DEPORTIVAS

**O sr. Alcalde toma a palabra:** O seguinte punto da orde do día é o prezo público das instalacións deportivas. Ten a palabra o señor Adrián Varela.

**O sr. Varela toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Boas tardes a todos e a todas. Como sabedes construíronse no Polideportivo Municipal de dúas pistas de pádel e para elo é necesario establecer un prezo público para a súa apertura. Tamén vamos a establecer certos prezos que non se atopaban regulados, como son os prezos de utilización da pista polideportiva, do campo de fútbol así como o prezo de utilización diaria do ximnasio do polideportivo. Estes prezos nalgún caso xa se estaban cobrando pero non estaban regulado en ningún lado. Os novos prezos que vamos a introducir quedan así:

Os usuarios que soliciten a utilización do ximnasio do polideportivo durante un único día pagarán 3,00 €. O resto de prezos das actividades do polideportivo mantéñense nas contías que se viñan pagando ata agora. A pistas de pádel 12 €/hora e media, e 14 €/hora e media cando haxa que usar luz artificial. Para a cancha central do polideportivo, partidos 30 €/hora, e adestramentos 20 €/hora, o campo de fútbol de Os Carrís, no Campo de fútbol-11, Partido 50 €/hora, adestramento 30 €, e o Campo de fútbol-8, partido 25 €/hora, adestramento 15 €/hora. Tamén se regula a forma de pago para o aluguer da cancha central do polideportivo, das pistas de pádel e do campo de fútbol de Os Carrís, que farase o



pago farase en efectivo e con carácter previo nas Oficinas do Polideportivo Municipal. Estes prezos públicos que se establecen para o aluguer das distintas instalacións son prezos que se establecen para aqueles equipos de fóra do Concello ou particulares que desexen alugar estas instalacións. Aqueles equipos do Concello que teñen asignadas horas de adestramento ou de competición non pagarán estes prezos. A elaboración destes prezos públicos o que nos permite é alugar as instalacións cando poidan estar abertas segundo a dispoñibilidade horaria dos traballadores das instalacións, e non se estean sendo usadas por aqueles equipos do Concello que adestran e compiten nas mesmas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Estamos de acordo coa proposta.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana

**A sra. Varelas toma a palabra:** Estamos de acordo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira, voceiro do Partido Popular

**A sra. Vispo toma a palabra:** Nós tamén estamos de acordo con esta modificación porque vemos que si o fixemos ben durante estes últimos dous anos, así o ven agora os que seguen no Polideportivo, como Concelleiro Adrián que pode ver que hai sobre 700 usuarios, iso quere dicir que o estabamos facendo ben, que as instalacións están adecuadas, e iso foi feito polo Partido Popular que quede moi claro, que os prezos senón se modifican agora que teñen vostedes a oportunidade e que están ben feitos o único que queremos é como dixo antes a señora Fina Varelas os políticos dicimos as cousas para que nos crean, pero os papeis é onde ten que poñelo, e o que acaba de dicir vostede é que non se lle vai cobrar os adestramentos dos equipos de Barbadás, non queremos que o digan de palabra, senón que figure, entón o que facemos é unha instancia ó Grupo de Goberno de que o poñan aquí, que ningún equipo que sexa de Barbadás se lle cobre esas horas, porque si efectivamente na Comisión Informativa foi o que preguntamos e así se nos dixo, pero ten que constar no papel, non de palabra para que eles saiban que non se lles vai cobrar en ningún momento. Outra cousa, tamén preguntamos na Comisión Informativa en canto ó campo de fútbol non fixemos o regulamento porque as persoas que coidan as instalacións do campo de fútbol de Os Carrís descansaban no mes de xullo que é cando non hai liga, nin as Escolas deportivas de fútbol están funcionando, entón non entendemos quen se vai facer cargo desta instalación no campo de fútbol si a esas persoas hai que darlles vacacións, entón eu a miña pregunta é se lle negou ó equipo de terceira un encontro de fútbol porque non había xente para abrir esa instalación, non entendo agora, non Adrián non me fagas así coa cabeza que é certo, todos podemos constatar co equipo de terceira que se lle negou a apertura da instalación porque non había



xente para abril e pódolhe dicir o día que foi. Nada máis, que conste no Regulamento que os equipos de Barbadás van a ter prioridade e que non se lle vai cobrar, e despois quen se lle vai facer cargo das instalacións cando estea a xente de vacacións, que todos que sabemos que o persoal de Barbadás é reducido sobre todo ó Polideportivo, e no campo de fútbol e quen se vai facer cargo de abrir esa instalación cando veñan ao mellor 10 ou 15 equipos a pedir, poño unha esaxeración agora mesmo, pero no mes de xullo que pode estar libre cando aquí en Barbadás non se usa, que se lle vai dicir, e quen o vai abrir, quen o vai limpar, entón quero que se me conteste a iso. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o señor Adrián Varela.

**O sr. Varela toma a palabra:** Ben, con respecto a que non aparece nos prezos públicos, nós cando entramos xa fixemos unha ordenanza para regular que equipos poden xogar no Polideportivo, co cal xa queda de manifesto nesa ordenanza ós equipos que se concede pista para adestrar e para xogar non pagan. Co campo de fútbol, estamos ca Unión Deportiva Barbadás nun acordo, que tamén esperamos facer co Barbadás no que tamén aparecerá que non van ter que pagar, co cal non creo que faga falta poñelo nestes prezos públicos. Ben, con respecto ó persoal do campo de fútbol, agora mesmo hai dúas persoas encargadas das instalacións do campo de fútbol, cando antes había unha, bo, unha e media, hai aí unha cousa un pouco rara, pero bo, hai dúas persoas, co cal pois poderán turnarse para coller vacacións, e vamos a ver estes están sempre condicionados a cando poda estar aberto ou non o polideportivo, ou o campo de fútbol, vale, e o do equipo de terceira por favor gustaríame que me dixeras que partido foi e quen llo negou, gustaríame sabelo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Algunha intervención por parte súa, Democracia tampouco, Partido Popular ten algunha intervención máis. Quería sinalar unha cuestión, isto non é un regulamento, isto é un prezo público, onde o que se calculan son os custes para amortizar, os custes que lle supoñen ó Concello a utilización destas instalacións, como ben dixo Adrián aquí xa sabemos que equipos son os que poden xogar gratuitamente neste pavillón polideportivo, é ilegal de todo punto facer constar nun prezo público que equipos e cales non poden xogar gratuitamente, é dicir, estigmatizar, marcar, preferenciar polo feito de ser deste Concello non é legalmente viable, entón quérolle facer ese matiz para que o saiba. Votos a favor. Ten dereito de quenda de réplica.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Vamos a ver, chócame un pouco que o señor Alcalde diga isto agora cando sempre na oposición quería que os prezos foran distintos para os de Barbadás e para os de fóra, ou sexa, agora estar sentado nese sillón cambia a perspectiva.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Nunca se alegou unha vez sabido ese tema, unha vez feita a distinción



entre regulamento e prezo público, unha vez que a señora Interventora nos fixo esa aclaración no seu momento, non agora senón tempo atrás, haberá catro ou cinco anos, nunca máis se volveu a facer esa proposta, entón esta é a realidade e polo tanto aplíquese vostede tamén o conto á inversa, sabendo que é así porque o propón vostede agora, é así de fácil.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Non, é que eu non fixe esa pregunta

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Vostede preguntou por que non se poñía sobre o papel que só se cobraría ós equipos de fóra do Concello, é o mesmo.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Eles estaban preguntando e pode constar que os equipos de Barbadás que están hoxe adestrando non se lles vai cobrar, é o único que pido, non que poñan nome.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero que non se pode, acabo de informarlle que non é posible.

**A sra. Vispo toma a palabra:** De acordo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**“Prezo público Instalacións deportivas”**

### **6- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS DE CALQUERA CLASE.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto da orde do día que fai referencia á Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de vertidos de augas residuais de calquera clase. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Isto é algo que ven todos os anos a Pleno a estas alturas antes de comezar o novo curso orzamentario para actualizar as tarifas das concesións públicas do Concello de Barbadás, neste caso no prego de cláusulas administrativas da concesión recolle que estas tarifas actualizaranse cada ano en función do IPC publicado polo Instituto Nacional de Estatística a setembro de cada ano, o IPC interanual. O IPC interanual de setembro do ano 2015 resultou ser do -0,9%, polo tanto as tarifas tanto de saneamento como de abastecemento de augas do Concello de Barbadás sufrirán unha redución próxima ao 1% derivado da redución do IPC interanual.

**A sra. Fina Varelas toma a palabra:** Isto que quere dicir que é unha adaptación á subida do IPC. Grazas.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Estamos de acordo porque todos os anos se levaba a Pleno a subida ou



a baixada do IPC. Grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de vertidos de augas residuais de calquera clase.**”

### **7- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DA AUGA.**

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración da auga.**”

### **8- PREZO PÚBLICO DE ACTIVIDADES DE LECER**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto da orde do día que fai referencia ó prezo público de actividades de lecer. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

**O sr. Núñez toma a palabra (BNG):** Ben, hoxe traemos aquí esta proposta de modificación desta ordenanza de prezo públicos das actividades de lecer, que é unha ordenanza que como creo que xa comentaron na Comisión Informativa do xoves pasado, ordenanza que ven dende o 2013 onde o que se trae hoxe é a aprobación inicial, é unha modificación puntual nunhas taxas dunha matrícula que se cobraba nunha actividade como podía ser como é a actividade de manualidades que se está dando en distintas parroquias do Concello, nomeadamente en 5, Loiro, Sobrado, A Valenzá, Piñor e Finca Fierro, dígo de memoria senón recordo mal, e onde efectivamente xa comentei en algunha ocasión efectivamente pois en anos anteriores este tipo de actividades se daban con externalizacións que tiña en marcha o Partido Popular e onde decidimos este ano pois dado que efectivamente en Concellerías como pode ser a de Cultura quedara con un remanente económico moi raspado quedou practicamente a cero e non podía afrontar digamos este tipo de actividades se puxo en marcha con monitores propios da casa, con monitores, monitoras propias neste caso do espazo infantil da Casa da Xuventude e onde entendemos pois que efectivamente é unha actividade máis lúdica menos evidentemente que tendan menos á profesionalización e que efectivamente tenden máis a sociabilización do sector ó que vai dirixido, e que entendíamos que efectivamente pois non tiña sentido pois ó cobro desta matrícula, polo tanto pois por iso traemos hoxe aquí a esta aprobación inicial e que poden ver que efectivamente, creo que é o cambio puntual que traen ó respecto da ordenanza anterior.





**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra ó señor Ramón Padrón

**O sr. Padrón toma a palabra:** Estamos de acordo, simplemente o que se había falado na Comisión Informativa sobre o prezo, a contía das actividades gravadas no artigo 4º, onde pon instrumento e teoría musical que ó parecer non estaba ben, nolo poden explicar que pon instrumento 80€ a mensualidade, teoría musical 40€ de mensualidade.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Estamos de acordo con esta moción.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a voceira, voceiro do Partido Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Señor Núñez para nós é unha sorpresa. Como vostede sabe, vostede, o Grupo de Goberno neste caso vostede que é o que levaba este tema, si se ían cobrar as manualidades, o problema foi que as asociacións non estiveron de acordo porque como dicía ben vostede estaba externalizado e a persoa que o daba pois era unha persoa cualificada, non quere dicir que as persoas que o estean dando hoxe non estean, senón que están adecuadas para as manualidade infantís porque veñan da Casa da Xuventude, pero a persoa que estaba si tiña as cualificacións non se levan moitos anos xa que as manualidades no Concello e como ben dicía vostede é unha hora na que a xente dos pobos reúnese e aparte de aprender pois mellora esas manualidades que estaban facendo ano a ano. A sorpresa foi que vostedes como ben din nunca lles quedou diñeiro, cousa que non é así, porque se pode ver ben nos, houbo varias modificacións na área da Concellería de Cultura e si hai cartos para outras cousas pero para isto non, e como ben dicía vostede esta xente das asociacións fixo unha reunión co Alcalde con vostede onde se lles indicou que eles non seguirían indo a clase que a xente que a estaba dando hoxe que non temos nada o Partido Popular en contra deles, porque son técnicos do Concello pero para manualidades infantís, entón dixeron que non ían a pagar por esta actividade, e foi cando vostedes recuaron, é dicir, pois non lle vamos cobrar e modifican isto hoxe, digan a verdade, todo o que fan, fano a motu proprio sen preguntar, sen dicir nada, sen as asociacións, logo enfádanse e vostedes sós están facendo o traballo, que é pór á xente en contra súa. Nada máis grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Con relación á cuestión que especificaba Ramón Padrón, pois a compañeira Ánxela, pois son temas de instrumentalización e teoría musical que eu normalmente non levo, en relación co que di o Partido Popular, vamos a ver, está claro que a Concellería de Cultura quedou como quedou, non o digo eu, dinos as contas, é dicir, onde hai facturas, pódeo dicir aquí a



compañeira que está aquí de man a señora Ánxela, onde facturas con complicacións enormes para pagalas e que non houbo un diñeiro específico para este tipo de cuestións, polo tanto houbo que afrontalos dende logo dende este goberno con outra tesitura dende outra maneira e con outra perspectiva do uso desa actividade, o que esperábase desa actividade. Si efectivamente, si podemos entender que poda que esa actividade pois non sexa do agrado hoxe da cidadanía e dende logo nós o que si nos comprometemos foi efectivamente a estudar pasos en positivo para mellorar este tipo de cuestións hoxe o que traemos é a modificación deste prezo, porque entendemos que efectivamente é o acaecido neste momento e o que se faga no futuro pois xa terán constancia no Pleno.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Quería facer unha aclaración na súa quenda da palabra, pero moi breve por favor

**A sra. González toma a palabra (BNG):** Esta ordenanza ven como di Sarín do ano 2013, aínda non se modificou máis ca iso, e entón aparece teoría, e instrumento musical que hai uns anos dábase na Escola de Música a modo, era como unhas clases case particulares que se pagaban 20€ cada vez que se ía e entón ó mes sería 80€, se alguén as solicitaba a modo particular. A día de hoxe estas clases non se están dando por falta de espazo, e tampouco hai demanda neste momento, está aí en previsión de se en algún momento se chegan a volver a dar, en algún momento non próximo seguramente pois en principio está a realizaremos despois co tempo se a retiramos ou non a retiramos isto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señor Ramón. Señora Fina. Señora Chelo Vispo

**A sra. Vispo toma a palabra:** Non teño nada máis que dicir soamente que todos os cidadáns de Barbadás poden ver o estado de liquidación do presuposto de gasto e ingresos, nós témolo a data 31 de agosto de 2015 podemos ensinalo a calquera cidadán que o pida e que efectivamente a Concellería de Cultura fixo varias modificacións, están pagadas as facturas e que agora mesmo ten cartos. A todos se lle está dicindo que non hai diñeiro e para cousas que eles queren facer si as hai. Non teño máis que dicir. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Chelo Vispo. Dúas cuestións que lle vai aclarar o señor Alcalde. Primeira, é mentira de todo punto que as actividades non foran dende un principio gratuítas, remítoa a que vexan a cartelería que se puxo polos pobos, polas asociacións de veciños, en todo momento se indicou que eran gratis, en todo momento, polo tanto remítoa á cartelería. Segunda cuestión, en relación ás facturas que quedaron pendentes, dicirlle que houbo que facer varias modificacións de crédito para poder pagar esas facturas, pero na área de Cultura non había diñeiro, quedalle así claro, na área de cultura non había diñeiro, houbo que sacalo de outras áreas, así é. Se



quere ter algunha intervención.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Vamos a ver, remíttolle, só voulle dicir unha cousa, ós Pleno de Ourense, sabe cal é a súa, perdón, é que ás veces sácame de quicio que vostede que é quen ten que moderar este Pleno, sexa quen nos teña que pór os puntos sobre os is ó Partido Popular, e non é así, vostede pode velo pola tele, pero vostede o que ten é que dirixir o Pleno, e o que ten que dicir, quen ten que falar, e quen ten que iso, pero sempre que ten algunha puntilla que vamos contra o seu Grupo de Goberno ten que saír, vostede o que ten é que moderar, é a súa función, para iso ten o Tenente Alcalde e os demais grupos e as súas persoas que non poden. Vamos a ver a liquidación durante todo o ano, vamos a ver a xente de Barbadás ten que saber que durante todo o ano nunha lexislatura hai modificacións de crédito de diversas áreas, porque a veces os presupostos, pois porque ás veces hai que facer algunha obra, hai que facer algunha cousa pódese modificar dentro das mesmas partidas, e foi o que pasou. Vamos a ver, vostedes están fartos de dicirlle ás asociacións que non hai diñeiro para cultura nin para actividades, xa se quedou presupostado polo menos ata o 31 de decembro deste ano, entón o que estamos fartos é de escoitar sempre o mesmo e que vostede salga cando facemos dano, cando facemos dano neses puntos que lles doe, pois a cidadanía ten que saber a verdade.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Eu non tiña previsto falar neste punto da orde do día pero xa que se me deu a ocasión de intervir pois vouno a aproveitar. Primeiro facer referencia a que o Regulamento de funcionamento dos Plenos aprobados unilateralmente polo Partido Popular de Barbadás coa oposición do Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista de Barbadás recolle que o Alcalde ten dereito a unha réplica ao final de todas as intervencións, iso figura no regulamento que vostedes aprobaron en contra da opinión dos grupos que antes formábase parte da oposición, e sobre os orzamentos non vaga a pena volver, pero eu só quero lembrar unha cousa, vostedes fartáronse de mentirille a toda a cidadanía dicindo que había, que este Grupo de Goberno gastaba máis que o anterior que eramos uns despilfarradores, etc..., eu quero lembrar a todo o público asistente que nos estea escoitando, que este grupo de goberno se viu obrigado para poder atender a cuestións de emerxencia social, solicitudes que nos facían, 200, 300, 400 € para atender a familias en situación de extrema emerxencia social e non tiñamos nin un só euro que darlles, tivemos que facer unha modificación de crédito de 10.000 € para asignar unha partida para eses casos, partida que saíu da asignación aos membros do Grupo de Goberno e ós gastos de protocolo e a gastos de representación do Concello de Barbadás, porque neste Concello acabáronse as inauguración, acabáronse os pinchos de empanada e de tortilla e iso adicamos a emerxencias sociais porque non había nin un só euro cando chegamos ó



gobierno dos 9.000 € orzamentados estaban absolutamente esgotados no mes de maio.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estamos falando do prezo público das actividades de lecer as quendas de réplica e contra réplica levan a isto, o asunto pola miña parte queda bastante claro o que se refería na miña intervención, falábase da gratuidade nos carteis anunciadores da actividades de lecer, eran gratis.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Podía preguntar só unha cousiña. Só quero saber en que punto está agora si están de acordo en que interviña o Alcalde ó final ou non, porque se antes uns estaban en contra e agora outros están en contra, a min paréceme ben que interveña, pero digo eu se vostedes antes estaban en contra de que o alcalde interviñera de último, pero a ver vostedes dixeron que aprobaron o regulamento, eles coa maioría absoluta en contra do que vostedes que pensaban, vostedes agora pensan que o regulamento está ben.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Creo que isto é motivo para outra intervención vouche contestar ao final mellor, vou se moi breve, o alcalde ten dereito a intervir en calquera momento, independentemente do regulamento ou non o que quixo dicir o señor Fírvida é que se votou en contra do conxunto de regulamento, pero é que ese regulamento feito polo Partido Popular contemplaba a intervención do alcalde en calquera momento pero é que non fai falta que o diga o Regulamento a Lei é así, dio a Lei así, entón é a señora Chelo a que mellor se ten que aclarar. Votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “**Aprobación do prezo de público de actividades de lecer**”.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos ó punto número 9 e pasamos á quenda de mocións, aquí había que votar previamente a toma en consideración da urxencia de dúas mocións presentadas tanto polo Grupo do Goberno (Partido Socialista e BNG), e outra polo Partido Popular en relación para mellorar a atención sanitaria de Barbadás. O primeiro que hai que votar é a toma en consideración da urxencia da moción presentada polo Grupo de Goberno o día 3 de novembro.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Cada grupo unha vez finalizadas as cuestión de orde material resolutorias, expedientes administrativos, podemos chamarlle así, empeza o que é a parte propiamente política do Pleno da Corporación, entón aquí están as mocións, a día de hoxe cada grupo pode presentar tres mocións, pódense presentar mocións con carácter de urxencia peño o Pleno debaterá sobre a súa inclusión na orde do día e ten que incluírse por maioría absoluta, isto en primeiro termo, terán que vostedes decidir agora mesmo se a inclúen ou non a inclúen, esa é a primeira cuestión. A



segunda cuestión é que no caso de que un grupo tivese presentado xa as tres mocións legais terá que optar por retirar unha da orde do día, esa é a cuestión.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Nós o outro día trouxemos tres mocións e traíamos catro e non se nos dixo que a cuarta moción se podía presentar por vía de urxencia.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Non a poden presentar, o que lle dixen eu persoalmente foi só se poden presentar tres mocións, tes que elixir as tres que máis che gusten, agora mesmo é o que lle vai dicir o señor Alcalde ó Grupo Municipal do Partido Popular. Teñen tres unha cuarta agora vaise votar.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Explico a situación

**O sr. Padrón toma a palabra:** Entón eu podía traer aquela cuarta tamén para votar

**O sr. Alcalde toma a palabra:** En primeiro lugar para xustificar a presentación dunha moción de urxencia, a ver, isto vai para todos evidentemente, para aprobar ou aceptar a tramitación a toma en consideración dunha moción de urxencia, hai que xustificar a urxencia, esa é a primeira consideración que hai que facer. En segundo lugar, o que acaba de dicir a señora Secretaria, é que si se acepta unha moción de urxencia debería retirarse unha das mocións presentadas previamente dado que xa hai tres presentadas, que son as que se recollen no Regulamento, ese é o motivo, entón aquí ademais hai outra razón adicional, aquí eu son claro e transparente, o grupo de goberno presentou unha moción en relación á mellora da atención sanitaria no Concello de Barbadás, fóra de prazo, é certo, pero presentouse previo ás Comisións, fóra de prazo conforme ó que di o Regulamento Municipal, pero dentro de prazo co que acordamos cos grupos da oposición. O Partido Popular a raíz de que se presentou esta moción, presentou outro no día de hoxe, outra ademais practicamente co mesmo nome, pero hoxe, despois das comisións, aí hai unha pequena diferenza, unha pequena gran diferenza, entón aquí agora sométese a consideración a tramitación para debater neste Pleno as dúas mocións, tendo presente que unha dela está presentada dentro do prazo comprometido cos grupos da oposición e outra non, cando xa se presentaron ademais tres mocións previamente, entón convido ó Partido Popular cas das mocións quere retirar.

**O sr. González toma a palabra (PP):** Primeiro haberá que aprobar, se nola aproban decidiremos. A segunda cuestión por aclarar é unha opción de mellora e emenda o que presentou do Grupo Socialista tamén por urxencia, ou o Grupo do BNG, vai na mesma liña e é un pouquiño máis clara e penso que máis clarificadora tanto para os concelleiros como para a cidadanía o motivo de presentala. De feito era unha moción cando se lle presentou ó Grupo de Goberno o que ía en liña, o tema é grave, o tema que se está a tratar aquí é grave e é urxente.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu creo que isto hai que debatelo no momento do debate, creo que agora todo o mundo ten a moción para lela, e sabe cal é o seu encabezamento, creo que xa poden votar.

**O sr. González toma a palabra:** Por xustificar a urxencia dalgún xeito.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A urxencia está xustificada tamén na propia moción

**O sr. Padrón toma a palabra:** Entendino perfectamente só que nós non a retirámola, retirámola e non a presentamos porque non queríamos retirar ningunha das outras tres, agora vostedes se a presentan terán que retirar unha.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pero aínda así hai que someter a votación se se acepta esa moción ou non. Explique entón a urxencia, por favor.

**O sr. González toma a palabra:** Boa tarde a todos, señor Alcalde, señores Concelleiros, e veciños e veciñas de Barbadás, a urxencia da moción entendémola que se trata dun terma urxente por varios motivos, o primeiro deles na zona de influencia do centro de saúde de Barbadás, viven preto duns 2.000 habitantes con tarxeta sanitaria, sen embargo este tema politizouse continuamente e iso fixo que a poboación fóra reticente a cambiar a súa tarxeta sanitaria e aínda hoxe.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por favor só a urxencia non toda a moción, por favor.

**O sr. González toma a palabra:** Dicir, que é frecuente escoitar opinións pois dicindo que van a quitar o médico do Centro de saúde e demais, entón convén aclarar a esta cidadanía para evitar prexuízos a posteriori, é imprescindible darlle seguridade por parte do Concello. Segundo punto, o segundo motivo polo que é urxente acaba de cubrirse a praza médica de Barbadás pero mantense o status quo con 500 tarxetas fronte a 1.800, 1.800 e pico, co cal seguimos cunha situación que vai camiño de converterse en algo definitivo e crónico para todos os veciños e cidadanía. En terceiro lugar, nós facíámolo con bo criterio poñíamos a disposición dos outros grupo políticos esta moción, é dicir, a moción que se lle presentou, os datos que se lle presentaron ó señor Alcalde e o Grupo de Goberno ían en clave de presentala por todo o Pleno, e o Grupo do BNG e o Grupo do PSOE educadamente e dun xeito partidista politizárono como fan sempre, e iso vai traer graves consecuencias nesta situación

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Utilice esa argumentación no debate por favor. Grazas.

**O sr. González toma a palabra:** Non terminei aínda

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Estamos falando da urxencia da moción, por favor rematou a súa intervención para xustificar a urxencia.



**O sr. González toma a palabra:** Todos os grupos sempre defendemos o mantemento do Centro de saúde de Barbadás

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Por favor, explique iso na defensa da moción, a urxencia creo que está clara .

**O sr. González toma a palabra:** Volvo a repetir, é un tema urxente que se está xogando o centro de saúde de Barbadás que todos os políticos nos comprometemos é un argumento de peso, que máis quere.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Xa rematou a súa intervención. Votación sobre a urxencia desta moción. Votos a favor da moción do Partido Popular.

**A sra. Secretaria toma a palabra:** Votos a favor para a inclusión da urxencia, votos a favor da consideración como urxente cara a súa inclusión na orde do día.

Sen máis sométese a votación a urxencia para a inclusión da orde do día da moción do Partido Popular **“Moción para mellorar a atención sanitaria de Barbadás”**, resultando aprobada cos votos a favor do Partido Popular, PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e a abstención de Democracia Ourensana.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A defensa da inclusión da orde do día da moción do Grupo de Goberno.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** Imos ver a moción vaina defender o Concelleiro de Sanidade de Barbadás, o señor Sarín, pero eu creo que había un acordo tácito entre todos os grupos políticos que formamos esta Corporación, que era o seguinte, a pesar de que o Regulamento do funcionamento do Pleno recolle que unicamente se poden presentar tres mocións no Pleno e que estas se teñen que presentar coa suficiente antelación para poder facer a convocatoria en tempo e forma, nós dende o Grupo de Goberno asumimos a responsabilidade de aceptar como mocións de urxencia todas aquela que se presentase ata o mesmo día das Comisións Informativas, ese é o acordo tácito ó que chegamos todos os membros desta Corporación, é dicir, o Grupo de Goberno (Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego), presentou con carácter de urxencia efectivamente unha moción conxunta para defender a permanencia do Centro Médico de Barbadás e a ampliación do servizo sanitario en A Valenzá o mércores da semana pasada, un día antes das Comisións Informativas, agora o Partido Popular vennos a presentar unha moción exactamente polo mesmo tema, e nola presenta hoxe a mañá, o motivo do Partido Popular non é ningún motivo de urxencia, porque se quixeran tratar este tema en





serio, con seriedade terían feito unha emenda á moción que presente Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, que está presentada en tempo e forma, e para iso existe a figura xurídica de presentar emendas ás mocións dos outros grupos políticos, e poderíamos ter debatido isto conxuntamente e votado separadamente. O que lle ocorre ó Partido Popular hoxe para presentar esta moción é que a urxencia que ten é de oportunismo político, de non quedar fóra de xogo e de facerlle ver á cidadanía que son eles os que están preocupados pola asistencia sanitaria no noso Concello, chegan tarde señores do Partido Popular, chegan tarde, leron a nosa moción e agora queren subirse ó carro, dá igual vamos a aceptarlles a súa moción, xa está aceptada ademais, polo tanto vamos a debatelas conxuntamente, non hai ningún problema, pero que quede claro cal é a urxencia do Partido Popular, oportunismo político.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor da urxencia desta moción

**A sra. Vispo toma a palabra:** Vámola a retirar, se se pode retirar vámola a retirar agora mesmo, porque non temos oportunismo e vámola demostrar agora co que traemos aquí, entón se o Alcalde ten a ben, retiramos a moción para que vexa a cidadanía que non temos oportunismo, agora mesmo o número 2 do Partido Popular explicará o traemos xa, feitos xa concorrentes, e que se van a poñer en práctica en próximos días, entón retiramos isto para que quede claro que non temos oportunismo, vamos a defender as tres que traemos, as tres mocións e esta retirámola agora mesmo. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Votos a favor entón da toma en consideración na orde do día da moción do Grupo de Goberno para mellorar a atención sanitaria nos Centros de saúde de A Valenzá e Barbadás. Grazas.

Sen máis sométese a votación a urxencia para a inclusión da orde do día da moción do Grupo de Goberno “**Moción para mellorar a atención sanitaria nos Centros de saúde de A Valenzá e Barbadás**”, resultando aprobada cos votos a favor do Partido Popular, PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e a abstención de Democracia Ourensana.

### **9- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AO ELEVADO CUSTE DE MANTEMENTO DOS ASCENSORES DO CONCELLO DE BARBADÁS.**

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á primeira moción da orde do día que é a moción de Democracia Ourensana relativa ao elevado custe de mantemento dos ascensores do Concello de Barbadás. Ten a palabra a súa voceira.

**A sra. Varelas toma a palabra:** A exposición de motivos. Primeiro, dende fai meses o número 3 da



nosa candidatura Don Santiago González que está vinculado aos aparatos de elevación víñanos alertando do excesivo gasto de mantemento dos elevadores do Concello. Naqueles momentos non nos parecía oportuno presentar esta moción para non dar lugar a suspicacias. Dende fai uns meses Santiago está desvinculado deste sector e non ten ningún tipo de interese. No Concello de Barbadás hai 5 ascensores pero dos cales só se está pagando o mantemento de 4. Ascensor da Casa da Cultura, marca Schindler, paga 183€ máis IVE, no Concello onde estamos agora hai un OTIS, que paga 723€/trimestrais máis IVE, ascensor en Filomena Dato é un ORONA): 140€/mes máis IVE e Ascensor Ruxidoiro (ENOR): 140€/mes máis IVE. Estes mantementos son máis que elevados despois de comprobar e facer un exhaustivo estudo de mercado. Propostas, propoño ao goberno que se unifique o mantemento a unha soa empresa, actualizándoo a prezos do mercado actual, pedindo presupostos a diferentes empresas, non utilizando unha licitación porque non supera os 18.000 €. Podendo comunicar a oferta na páxina web do Concello. Democracia Ourensana está preocupada polos despilfarros do anterior goberno e a pouca preocupación da actual goberno, entón pensando no ben común de todos, consultamos prezos dunha empresa especializada e deume un presuposto de 280€ máis IVE ao mes polo mantemento dos 4 aparatos de elevación. Co cal o Concello de Barbadás aforrariáase ao ano máis dun 50% de facturación. Actualmente se está gastando 8448 € máis IVE, e a empresa consultada saleríanos en total 3360 € máis IVE. Democracia Ourensana pensa que aparte dos ascensores sei seguro que hai outras partidas no cal non se nos vai o diñeiro, porque o diñeiro é de todos e hai que administralo, e utilizar os aforros para xente necesitada do Concello. Quería dicir unha cousa, pero vouno dicir nas réplicas porque a señora Victoria vaimo poñer moi fácil. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Dicir que estamos de acordo coa exposición da moción de Democracia Ourensana.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra a voceira do Partido Popular, ou o seu voceiro.

**A sra. Prieto toma a palabra (PP):** Boas tardes a todos e a todas pola parte que me afecta vou a aclarar varios puntos, sobre a preocupación que ten Democracia Ourensana polo alto custe de mantemento dos ascensores do Concello. O Partido Popular si ten feito un estudo exhaustivo sobre o mantemento de ascensores con empresas líderes, confirmando a posible redución dos custes de acordo cos valores de mercado actuais e competencia, todo sen unha redución de coberturas básicas, e pónovos algúns exemplos, a contía de responsabilidade civil que esixe a Lei é de 500.000€, as pólizas



contratadas polo Concello cobren entre 7 e 15 millóns de euros, as revisións requiridas pola lexislación vixente xeralmente realízanse cada 45 días. As empresas contratadas polo Concello seguen facendo revisións mensuais podendo garantir algunha destas empresas un índice de non avarías superior a 400 días. No caso da unificación de mantemento dunha empresa a Lei obriga á competencia ó subministro de calquera peza no prazo máximo de tres días, encargándose cada empresa do seu propio mantemento garántese a substitución da peza en stock ó instante e excepcionalmente nun período máximo de 12 horas. Estas son algunhas das vantaxes das actuais pólizas e inconvintes da unificación do mantemento. Podería seguir coa algunhas das actuais vantaxes como a cobertura integral, incluído pezas de desgaste, teléfono de avarías 24 horas de balde e sempre con cobertura, atención urxente debido ó gran número de empregados destas empresas sobre todo a prevención de accidentes garantidas. Finalmente fágovos unha pregunta, ¿parécevos que é malgastar gastar 8.000 € anuais en 4 ascensores públicos sen avarías relevantes e sen lamentar danos persoais. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

**A sr. Morenza toma a palabra:** Moitas grazas. O grupo de goberno é coñecedor do excesivo custo do mantemento dos ascensores nas dependencias municipais. O seu compañeiro de candidatura tivo a deferencia de alertarnos ó comezo da lexislatura. Pero ó ser esta unha cuestión que non requiría présa porque o mantemento dos ascensores é anual e o contrato vence a 31 de decembro non adoptamos decisións de xeito inmediato. A presentación desta moción demostra que o seu grupo presenta iniciativas que pretenden aforrar diñeiro ás arcas públicas, iso está claro. Evidentemente ese foi, é e será o noso obxectivo, optimizar ó máximo os recursos e independentemente da moción de Democracia Ourensana o goberno tiña xa hai semanas en marcha o proceso de adxudicación a unha soa empresa do mantemento dos 5 ascensores, non 4 como di a moción de Democracia Ourensana, que existen nas instalacións públicas, porque incorporamos o quinto ascensor do Museo da Música, porque estamos estudando a posibilidade de rescate desa instalación para o Concello de Barbadás, entón temos que sacar a concurso, que non sería necesario, ou sexa, licitar esta unificación de contrato con datos reais, datos cos que traballaremos o vindeiro ano. As cifras que presenta Democracia Ourensana non coinciden cos datos reais baseados nas facturas que paga o Concello, pero coinciden no fundamental coa súa proposta. Está claro que hai que unificar o servizo e adxudicarllo a unha empresa que ofrezca prezos de mantemento máis baixos, porque os hai xa o sabemos. O día 5 de novembro saíu publicado na páxina web do Concello de Barbadás un anuncio polo que se informa do procedemento de adxudicación do mantemento dos ascensores por un valor máximo de 11.632,08



euros ó ano, que é a suma do que custa actualmente o mantemento dos cinco ascensores, evidentemente prevemos que as empresas presentarán ofertas á baixa. Na liña de ofrecer a máxima transparencia e co ánimo de aforrar diñeiro ó Concello procédese a ofertar este mantemento que será adjudicado á oferta máis vantaxosa coa que se formalizará por escrito un contrato porque ata agora o sistema era un contrato non formal contra factura. Evidentemente as características contractuais das que fala a compañeira Míriam do Partido Popular son as que recolle a Lei, e entón a iso nos vamos a cinguir, nós o finalizar, cando se elixa a empresa que levará o mantemento dos ascensores de xeito unificado, evidentemente asinaremos un contrato formal non como se facía ata agora, o proceso xa ven que o estamos facendo con total transparencia, pódeno comprobar na páxina web do Concello, as características do servizo que se saca a licitación a pesar de non estar obrigados por Lei a facelo, e actuando sempre coa máxima transparencia.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** En canto á señora Miriam, aquí estamos falando sempre das mesmas coberturas, eu non sei de onde vostede saca as súas coberturas como se as dos demais fosen perores, eu en ningún momento quero ningún mal para os veciños e quero unhas coberturas semellantes, que vale, tamén podemos estar sen elas que o ascensor funciona igual, ou sexa que iso sae fóra lugar comparar iso, vamos querer falar por falar. Señora Victoria, vamos a ver unha cousiña, a vostede non lle parece nada urxente, mire para acabar ó ano só nos queda un Pleno máis, non temos os presupostos do vindeiro ano non temos nada, entón que me está vostede dicindo, presentar isto, que se podía presentar para o próximo Pleno, en vez de ter 17 puntos coma hoxe teríamos 40, as urxencias vanse facendo segundo se van vendo, porque non me parece unha moción, enténdeala un neno pequeno, son números, entón non me veña dicindo que unha urxencia, unha urxencia, pois si que é unha urxencia, porque se aquí nos aforramos, 3.000 ou 4.000 €, podémolo destinar a outras partidas, onde non hai diñeiro e si que nos fan falta, porque mire vullle dicir unha cousa a vostede e menos mal que non dixo as palabras que vostede sempre di, porque mire aprendín dúas palabras sempre di, primeira, non hai diñeiro, calquera moción que se presenta, non hai diñeiro, vale, e iso é para descartala, ou para quedar ben, palabra de político, e a segunda, cando lle gusta unha moción e non a presentan vostedes, estamos en elo, son as súas palabras que estou farta de oírlla dicir, pois mire alégrome moito que grazas a Comisión Informativa o outro día vostede se puxera a traballar, porque o día seguinte si fixo os seus deberes, alégrome e felicítoa porque vai vostede detrás de Democracia Ourenzana, preguntome se estes vindeiros 4 anos vai ser igual, porque mire eu non teño problema en dicirlle onde



se malgasta o diñeiro, e non me sinto orgullosa, simplemente alguén o ten que facer, se o teño que facer eu pois fágoo, vale, pois se é a miña obriga, polo menos recoñecelo e non dicir estamos en elo, porque é que me fai unha graza estamos en elo, mire vostede di que temos 5 ascensores, si temos 5 ascensores, eu traballei no exercicio deste ano nos orzamentos deste ano, e nos orzamentos deste ano só se pagou o mantemento de 4 ascensores, vostede mesma di, iso están levando, quéreno rescatar, entón como queren rescatalo, que aínda non saben se o van a rescatar xa queren presupostalo, mire señora Victoria eu traballei neste exercicio, para o ano que ven se ese ascensor o levamos nós, pois moi ben, paréceme moi ben que se unifique con todos e que se baixe, porque isto é en beneficio de todos, porque aquí fas unha boa idea de aforro e non sei, unha fala de coberturas, como se os demais foran tontos, outra fala de que xa están en elo, non teño nada máis que dicir. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Fina Varelas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

**A sra. Prieto toma a palabra:** Dende o Partido Popular votamos a favor desta moción xa que confirmamos a posible redución de custes, sempre e cando non se empeore a prevención de accidentes, non se perdan coberturas básicas, e non se alarguen os tempos de reacción.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a Concelleira Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Mire aclararlle a señora Fina Varelas que levamos semanas traballando na unificación do mantemento dos ascensores, que o feito de que vostede presente unha moción non significou que isto se fora a facer porque xa estaba previsto, saíu publicado o anuncio na páxina web, non era necesario que vostede presentara unha moción, non é necesario que isto viñera a Pleno, porque non é necesario en contías inferiores a 18.000 € que isto veña a Pleno señora Fina Varelas, non é necesario, co ánimo que caracteriza ó Grupo de Goberno publicámolo na páxina web, e utilizamos uns datos reais en base a feitos, agradecémoslle a súa colaboración, pero nós facemos os nosos deberes en tempo e forma.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Votos a favor da moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:”

**Moción de Democracia Ourensana relativa ao elevado custe de mantemento dos ascensores do Concello de Barbadás: Propoño ao goberno que se unifique o mantemento a unha soa empresa, actualizándoo a prezos do mercado actual, pedindo presuposto a diferentes empresas, non utilizando unha licitación porque non supera os 18.000 €. Podendo comunicar a oferta na páxina web do Concello.**



Democracia Ourensana está preocupada polos despilfarros do anterior goberno e a pouca preocupación da actual goberno, entón pensando no ben común de todos, consultamos prezos dunha empresa especializada e deume un presuposto de 280€ máis IVE polo mantemento dos 4 aparatos de elevación. Co cal o Concello de Barbadás aforraríase ao ano entorno ao 50% de facturación. Actualmente se está gastando 8448 € máis IVE, e na empresa consultada saleríanos en total 3360 € máis IVE. “

### 11- MOCION DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA AO SISTEMA DE PECHES DE PATIOS DE COLEXIOS.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moción de Democracia Ourensana relativa ao sistema de peches de patios de colexios. Ten a palabra a súa voceira.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Democracia Ourensana por Barbadás está preocupada polo sistema de peche dos colexios públicos de infantil e primaria do noso Concello sobre todo o colexio Filomena Dato xa que o patio do colexio está separado da rúa por unha simple reixa, pola que se poden introducir sustancias que os nenos poden consumir, ou incluso algún neno pode saltar e saír á rúa perigando así a súa vida. Nestes patios ao chover entra auga e en inverno son fríos porque non hai nada que lles corte o vento. A proposta é: Propoñemos ao equipo de goberno que peche os ditos recintos ata a franxa do teito, así mesmo que o faga cun material que resgarde do frío e evite entradas de chuvia pero que o dito material sexa visible, con luz natural.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Con relación á moción presentada por Democracia Ourensana nun principio parecíanos non prioritaria pois nós mesmos desprazámonos ata os colexios en horario de fin de semana e o que comprobamos foi como unha cantidade de nenos e pais saltan a enreixado do Colexio Filomena Dato para xogar dentro co perigo que iso pode ocasionar a algunha persoa, en Comisión Informativa decidimos propoñer ó Grupo de Goberno que iniciase os trámites ca Xunta de Galicia para conseguir que abrisen as portas para acceder ó polideportivo, eliminando polo tanto o risco de accidente. Como nas Comisións Informativas o Grupo de Goberno, e incluso os anteriores responsables, ou os anteriores que estaban no goberno, nos dixeron que iso non era posible que era imposible, polo tanto, a moción que debatemos neste momento parécenos axeitada pois así evitamos que entre a auga e mailo frío, e o que é máis importantes como expuxemos antes eliminámolo risco de



accidentes. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Nós estamos de acordo coa señora Fina Varelas, cremos que é unha moción que se podía levar, e nós na anterior lexislatura non puidemos facelo, estamos de acordo en que saltan os nenos, durante anos saltaron e aínda así a vixilancia da Policía e non puidemos evitalo, entón o que si queremos é que se faga unha mesa de negociación, entre a Xunta, a Anpa e a dirección dos colexios para que eles vexan cales serían as medidas a adoitar e que se leven á Xunta entre todos, a verdade é que ese colexio foi o primeiro que se fixo e si ten unhas carencias, pois que se a pista está en mal estado, e fai frío, entón o que si nos parece, é que vamos a votar a favor desta moción e que si instamos que realmente o Concello aquí non pode facer nada, e ten que ir directamente a educación, entón para que faga unha mesa negociadora e que se vexa a problemática destes patios sobre todo do CEIP Filomena Dato e que esas iniciativas se leven á Xunta, a Educación, nada máis. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a Concelleira Marga Pérez.

**A sra. Pérez toma a palabra (PSdeG-PSOE):** Boas noites a todos e a todas. Ante a preocupación manifestada por vostedes polo peche dos colexios do Concello, o Grupo do Goberno quere expoñer que esta preocupación non ten lugar, segundo as propias palabras das direccións de ámbolos dous colexios, cos que falamos deste tema. Por unha banda, en canto as proteccións exteriores ou pechamento dos edificios tanto do CEIP Filomena Dato como no CEIP O Ruxidoiro, as rexas ou barrotes, cumpren coa normativa de Seguridade do Código Técnico da Edificación e tamén coa ordenanza municipal, que indica que neste tipo de edificios, os peches deben ser diáfanos para non converter estes espazos en espazos illados do exterior, tal e como vostedes solicitan; polo que non son simples rexas. Por outra banda, ante a posibilidade de que alguén introduza sustancias aos nenos e nenas ou que estes poidan saltar en horario lectivo, a probabilidade é nula o case improbable, xa que durante o horario de recreo tanto no CEIP Filomena Dato como no Ruxidoiro atópanse realizando labores de vixilancia un mínimo de cinco profesores, que entre as súas funcións está precisamente a de impedir que acontezan este tipo de accións que vostede indica, e non están permitidas nin tan sequera aos familiares. Tamén temos que ter en conta as declaracións da dirección de ámbolos dous centros, que indican, que en todos estes anos de funcionamento (17 no Filomena e 9 anos no Ruxidoiro), nunca se deu un só caso de preocupación ante a posibilidade alarmista, que vostedes expoñen. De tódolos xeitos en canto á solicitude de peche para evitar estas preocupacións e a de que entre auga, valorarase dende o Grupo de Goberno, sempre despois dunha análise e de un consenso con





toda a comunidade educativa (pais, profesores e dirección) ademais de ter en conta outros factores como, a localización do centro, e unha moi importante a da necesidade de procurar espazos abertos para que os nenos e nenas poidan disfrutar e compensar as horas que pasan en espazos pechados dentro das aulas. Dende o Grupo de Goberno, entendemos que esta medida solicitada Por Democracia Ourensana non sería nin a máis urxente nin a máis importante para considerar neste momento xa que estamos a dar prioridade a outras demandas como son: cubrir o espazo interno a carón da aula de psicomotricidade, para dotala de maior amplitude e evitar deste xeito a auga e humidades no colexio e na escola de música; repoñer caños que neste momento teñen unha capacidade insuficiente; arranxar o almacén situado no patio de infantil e dotar a este patio dunha soleira. Todas estas medidas xa están sendo valoradas pola delegación de educación para proceder á súa execución na maior parte, no vindeiro ano 2016, conxuntamente co concello de Barbadás. E para rematar, dicir que ante a presenza os fins de semana de persoas adultas e de nenos e nenas no patio do Filomena Dato é unha circunstancia que tamén nos preocupa, e que neste momento pois estamos intentando buscar solución, e unha delas sería que as persoas que desexen utilizar este espazo o soliciten á propia dirección do colexio ou do Concello, como veñen facendo dende outros colectivos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Señora Marga, vexo que a seguridade dos cativos preocúpalle ben pouco, nada que presenta Democracia Ourensana polo que vexo neste Pleno é urxente nin importante, paréceme que a urxencia e a importancia só a ten o Goberno, pois mire equívocase, aquí todos estamos para expoñer as nosas preocupacións e falar para os veciños, eu se propoño esta moción non é porque eu teña un fillo alí e me pase frío ou chova por el, precisamente non é por iso, é porque hai pais de nenos que viñeron onda min a explicarme isto, entón non sei que dicirille. A moción que presentei eu é clara e vostede empeza a falar doutras cousas que hai que facer, pois mire explíquese noutro apartado o que hai que facer, porque mire neste momento estamos debatendo o que eu presentei, seguramente o que está vostede dicindo, arranxar canlóns, eu non sei que dixó, seguramente fagan falta, non dubido que fagan falta, pero vostede explíqueo noutro momento. Señora Victoria non torza tanto a cara porque é unha falta de educación, e aquí tamén hai que poñer un pouco de respecto, porque eu a vostede non lle torzo a cara cando fala, teña un pouquiño de respecto. A nós a Democracia Ourensana preocúpanos moito os nenos pequenos e penso que evitar que metan cousas pola vallas é algo importante que non pasen frío, eu non digo que vaia a ser un cárcere, non digo que se poña alí bloques, ladrillos, non hai materiais que pasa a luz e protexe do vento e da chuvia, penso



que non teño moito máis que dicir, cada un que vexa a urxencia onde a queira ver. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, nós non queremos entrar en debates, de si urxencias ou non urxencias, a nós chegounos a moción para este Pleno e o que fixemos foi ir alí ao colexio, constatar o que viña na moción, e constatamos que os fins de semana que fomos, salta moita xente e moitos nenos, xente maior e nenos, entón é un feito que está aí que o constatamos nos dous fins de semana que fomos, ou sexa que iso parece ser que é todo o ano, e que o que parece que nos din aquí é que é un feito que é así que xa leva moitos anos, como día a do Partido Popular, agora din o mesmo que levan moitos anos, que si pasa algo será responsable o pai ou o neno ou que pase, pero cando pase algo, cando pase unha morte despois xa sabe o que pasa nos medios de comunicación e todo, e despois búscanse responsables por todos os lados, entón xa que non se poden abrir as portas para entrar alí o fin de semana que con iso evitaríamos que saltaran a reixa, como dixeron na Comisión Informativa a Xunta de Galicia no o permitiría, pois pidámoslle á Xunta logo que peche o que falta por pechar e así evitamos que haxa o perigo ese, e que algún día se busquen responsables de algo que pase.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Señora Fina Varelas xa vemos que a prioridade neste Concello son os servizos administrativos e non son os cativos coma vostede ben di, tanto na gardería e nos colexios sexa o espazo que sexa hai que telo, os nenos sempre son o primeiro neste Concello, non quitar e levar para servizos administrativos ou para outros temas que non teñen prioridade. Para o Grupo Popular, para nós sempre onde haxa nenos, onde haxa os nosos maiores e incluso nas manualidades señor Sarín, nós estamos de acordo en que si ten urxencia, sexa o espazo que sexa señora Marga. Vamos a ver, está moi ben o que vostede dixo de arranxar outros espazos dos colexios estamos de acordo e dicímoslle que bravo, pero o que hai é que neste momento o que é o patio do colexio hai que arranxalo e nós estamos de acordo ca moción de Democracia Ourensana, e son prioridade os nenos neste momento no patio, o mellor o que vostede está dicindo é verdade, o que é a lexislación está correcta, e os colexios se fixeron coa lexislación oportuna, pero agora mesmo se podemos melloralo, pois ó mellor con outro tipo de materiais que non pareza un bunker o que estamos pedindo é iso entre todos, e nós vámoslle a votar a favor, porque cremos que os nenos son importantes neste Concello.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señora Chelo Vispo. Ten a palabra a voceira Marga Pérez.



**A sr. Pérez toma a palabra:** Eu quería indicar que como non vai ser importante para nós a seguridade dos cativos, porque iso non se pon xa nin en dúbida, si que é importante, moi importante, é tan importante que xa falei ca dirección do colexio do Filomena Dato para que trasladen esta petición que vostedes fan, para coñecer a opinión deles, e tamén a trasladei á dirección da Anpa deste colexio, co cal convocaron unha asemblea extraordinaria para este 24 se non me equivoco, o último martes deste mes para tratar soamente este punto, para coñecer o que os pais opinan sobre o pechamento e o illamento do patio do Filomena Dato. Logo quero indicar que se di o señor Ramón que a ver quen se fai responsable de que abramos ese espazo, non hai ningún problema dende a dirección de abrir ese espazo para calquera que o pida, sempre que se faga unha persoa responsable desa instalacións mestras se utiliza por agora esa é a única opción que se pode dar dende a dirección do colexio.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Votos a favor da moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

**“Moción de Democracia Ourensana relativa ao sistema de peches de patios de colexios:  
Proposta: Propoñemos ao equipo de goberno que peche os ditos recintos ata a franxa do teito, así mesmo que o faga cun material que regarde do frío e evite entradas de chuvia pero que o dito material sexa visible, con luz natural. “**

### **11- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE A CREACIÓN DUN ACCESO Á AUTOESTRADA DENDE A VALENZÁ.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pasamos á seguinte moción que é a moción do Partido Popular de Barbadás sobre a creación dun acceso á autoestrada dende A Valenzá, ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

**O sr. González toma a palabra:** Ante a situación privilexiada que ten A Valenzá, xa que logo pasa a autoestrada a carón do noso barrio, parece interesante aproveita-lo para conseguir un enlace directo con ela. As modificacións serían (poden visualizarse mellor no plan que facilitamos). Primeiro, construír una glorieta a altura do actual enlace de Finca Fierro, por riba da Nacional 525. Permitiría acceder a estrada nacional en tódalas súas dirección, en segundo lugar completar e mellorar o actual acceso por debaixo da Finca Fierro, collemos pola rúa da Edra ata o cruce coa rúa do Tangaraño, seguimos pola rúa do Tangaraño coa súa mellora e asfaltado no tramo que está de pista, terceiro apertura dun viario curto ata enlazar da rúa Valdomiño e rúa das Balboas por detrás de Maquinor para poder enlazar na autoestrada en tódalas dirección, carto construción da segunda glorieta á altura de



Maquinor para poder enlazar na autoestrada en tódalas direccións, quinto mellora do tramo na Rúa das Balboas e prolongación do mesmo ate entroncar coa avenida de Celanova á altura do viaduto, e por último, sexto unha última rotonda na avenida de Celanova por debaixo do viaduto, que permitiría enlazar coa autoestrada en tódalas direccións. As vantaxes ao noso modo de ver son moitas, primeiro sería o mellor enlace dos que ten Ourense coa Autoestrada, xa que logo daría servizo ó noso Concello pero tamén á capital, Ourense na súa zona sur-sureste, segunda vantaxe eliminaríamos o perigosísimo enlace actual que ten a Finca Fierro coa nacional 525, é un enlace en verdade complicado, os que circulan a cotío por ese cruce vánnolo agradecer. Terceiro mellora da rúa da Edra e sobre todo da rúa do Tangaraño con pouca inversión, daríamolle saída a esta rúa hoxe morta por unha zona sen afectar a edificacións, permitiría ademais dotar de servizos a esa zona, cuarta vantaxe, non afectaríamos á Fina Fierro antes ó contrario daríamos uns enlaces impresionantes ó igual que á propia Valenzá, quinta, actuaría coma unha circunvalación para A Valenzá contribuindo a desconxestionar a avda. de Celanova, poderíamos sacar o tráfico pesado por este enlace, sexta daría servizo ós pobos sen ter que pasar polo medio de A Valenzá, daría servizo ademais a moitísima xente da provincia de Ourense e de fóra dela que veñen a comprar ó Carrefour, daría a coñecer o noso Concello, e daríalle vida ó noso comercio, permitindo pero non obrigando a pasar polas rúas de A Valenzá, sétima, daría servizo A Carballeira, Mariñamansa, parte de O Couto e do Centro da cidade de Ourense, poderían acceder á autoestrada pero sen conxestionar A Valenzá, pois o enlace sería na propia nacional 525 coa rotonda, en todas direccións, oitava, permitiría desenvolver os viais paralelos á autoestrada por riba de A Valenzá vella dotando de servizos a esa zona melloraría o acceso ó CEIP O Ruxidoiro e o campo de fútbol de Os Carrís, novena, sería un magnífico acceso para o novo centro de saúde de tódolos pobos ó conectar directamente coa rúa do Viso e a travesía do Viso, tamén permitiría o acceso rápido das ambulancias e urxencias cara ó Complexo Hospitalario Ourense, décima en resumo, convertería Barbadás na zona mellor comunicada de todo Ourense, por todas estas dez vantaxes resumidas é polo que o Grupo municipal do PP de Barbadás pide que o Pleno do Concello aprobe o seguinte acordo:

- 1.- Inicia-los contactos coas administración implicadas para construír un enlace coa autoestrada dende A Valenzá.
- 2.- Creación dunha Comisión de seguimento de dita proposta para garantir o avance das negociacións, e achegar cambios se fora preciso, así como achegar ideas que melloren o proxecto e aminoren calquera efecto secundario que poida xurdir.



Moitas grazas pola súa paciencia e atención.

**O sr. alcalde toma a palabra:** Moitas grazas señor Manuel González. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Dende Compromiso temos claro aínda que respectamos a moción a maneira de levar a cabo unha proposta desta envergadura. Se o que se trata é de facer un acceso á autovía na zona que vostedes din, o primeiro é consultar ós veciños afectados. Preguntaron vostedes ós veciños de As Lamas, Finca Fierro , e A Valenzá para saber o que opinan. Nós solicitamos que nos entregaran un plano o pasado xoves nas Comisións Informativas. Dixeron que nolo ían pasar para poder estudalo antes do Pleno e informarnos pero no nolo facilitaron, agora facelo en cinco minutos é imposible. Nós apoiamos que calquera moción saía adiante pero cun pouco de sentido común. O primeiro é consultar ós veciños afectados por dita obra de envergadura e logo facer unha consulta xeral no Concello. Xa temos o exemplo do Centro de Saúde feito ás costas á veciñanza. Non cometamos outra vez ós mesmos erros de empezar a casa polo tellado. Polo tanto, inicialos contactos coa administración competente sen saber aínda o que pensa a veciñanza, sen ter un estudo de si realmente desconxestionaremos ou polo contrario conxestionaremos máis o noso Concello. Vir aquí a solicitar o apoio dos demais grupos sen entregarnos o plano en tempo e forma para estudalo non é o mellor xeito de sacar adiante unha proposta desta magnitude na que a veciñanza ten que opinar.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Ben, nós dende Democracia Ourensana queremos dicir que vamos a apoiar todas aquelas medidas, presente quen as presente que vaian en beneficio dos veciños de Barbadás, e a min esta moción gustoume e sempre que sexa viable, e nós estamos de acordo con ela, sobre todo se pode aliviar o tráfico na zona de A Valenzá, porque todo o mundo sabe o caos que hai, e penso que San Cibrao ten acceso á autovía, Ourense ten acceso á autovía e Barbadás non temos acceso á autovía, entón sempre e cando se dea feito nós apoiamos esta medida. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra a señora Concelleira a señora Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** A proposta que presenta o PP para crear un acceso dende A Valenzá á A-52 parécenos moi enriquecedora, sobre todo, tal e como din na propia moción para desconxestionar o tráfico tanto na N-525 como na propia vila, un proxecto evidentemente do que se beneficiaría sen dúbida toda a veciñanza do municipio. Un proxecto interesante, ilusionante, mesmo nos atreveríamos a dicir que visionario. A fin de contas un proxecto “de autor”. E os autores e autoras



son os e as Concelleiros e Concelleiras do PP. Tócalle polo tanto ó Grupo Municipal do PP defendelo ante o goberno da Xunta e ante o Ministerio de Fomento porque é un proxecto seu, no que vostedes cren. Non lles queremos en absoluto quitar o protagonismo que merecen, vostedes xa temos entendido que deron pasos nese sentido. Ante esta ambiciosa proposta quedámonos sen palabras. Politicamente é lícita aínda que un tanto oportunista, pero presentar unha iniciativa para que en lugar de un enlace á autovía Rías Baixas como xa temos na actualidade teñamos un segundo acceso só o podemos definir como fabuloso, como diría o Concelleiro Manuel González. Pero queremos deixarlle moi claro que dende o Goberno de Barbadás traballamos e traballaremos a prol de conseguir melloras realistas que afecten ó día a día da cidadanía e antes de enfrascarnos en proxectos que polo momento nos parecen utópicos preferimos dar solución a demandas plantexadas directa e formalmente pola veciñanza, e pedímoslle tamén o seu compromiso en axudarnos ante o Goberno Central como do Goberno da Xunta. Non fai falta retrotraernos moito no tempo para saber que as comidades de veciños das rúas Amieiros, As Cuartas, da Paz e Cotelma presentaron escritos no Concello de Barbadás solicitando a instalación de pantallas acústicas no viaduto da A-52 ó seu paso pola A Valenzá, unha simples pantallas acústicas. O alcalde, Xosé Carlos Valcárcel, enviou un escrito ó Ministerio de Fomento a principios de agosto para solicitar estas mesmas mamparas. O Grupo Socialista no Congreso presentou unha emenda ós orzamentos de 2016 para que se incluíra unha dotación orzamentaria para estas simples pantallas, e os veciños das rúas mencionadas levan anos agardando polos biombos, o alcalde de Barbadás aínda non recibiu resposta e a emenda presentada no Congreso dos Deputados foi rexeitada polos votos do PP, xa ven aí o interese que teñen en A Valenzá. Ese Partido Popular que agora presenta unha moción no Concello proponendo un acceso á autovía. Esta é a realidade dos feitos, coas que temos que traballar á que temos que enfrontarnos. Falan vostedes de situación privilexiada, non o negamos, situación privilexiada é tamén a súa que gobernan en Madrid e na Xunta e poden acometer este magno proxecto sen necesidade de presentar unha moción no Concello. Pregúntenlle ós seus compañeiros e compañeiras de partido que levan anos tentando conseguir un acceso ao polígono de San Cibrao e agora que estamos en precampaña electoral poden prometer e prometen que se vai acometer pola Xunta. O grupo de goberno vaise abster na votación da iniciativa porque non cremos no seu proxecto porque cremos que resultaría custosísimo economicamente (xa hai un enlace actualmente en Barbadás), as posibilidades non sabemos cales son, vostedes pódenos ofrecer datos hoxe neste Pleno porque xa teñen tido contactos co Ministerio de Fomento, hai unha evidente falta de espazo físico e requiriría cambios en profundidade no PXOM. Esta evidente falta de





espazo para facer senllos carrís de aceleración e desaceleración por ambas marxes suporá unha limitación técnica, así nolo teñen transmitido a nós técnico, arquitectos e apareladores. Habería que construír un viario de 800-900 metros dende A Valenzá a Maquinor, que está ocupado polo actual parque de cans do que antes falabamos. O proceso de expropiación alongaría no tempo o proxecto, terían que realizarse importantes movementos de terra no é tan sinxelo como vostedes o presentan, o custo só do proxecto está estimado en 100.000 euros. En suma, unha iniciativa ilusionante á que o goberno non se opón, pero tampouco estamos convencidos. Animámoslos a que xa qué lle presentan a iniciativa en Madrid lle lembren que aquí os veciños e veciñas o que queren de xeito urxente é a instalación de pantallas acústicas no viaduto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

**O sr. González toma a palabra:** A don Ramón dicirlle que estamos de acordo en facer o estudo para iso é a comisión, para aminorar precisamente os posibles efectos non desexados, ninguén quere prexudicar ós veciños nin moitísimo menos, veríanse as posibilidades e estudaríanse, non é tema para un día. A dona Fina Varelas nada máis que darlle as grazas polo seu apoio, e a dona Victoria pois dicirlle un par de cuestións nada máis moi rápidas. Primeira que o proxecto xa o ten dona Ana Pastor, Ministra de Fomento na súa mesa, e xa nos coñece, nós traemos mocións construtivas sempre, dende que entramos na oposición neste Concello creo que o temos demostrado sobradamente, senón véxanse as actas e as gravacións. O noso compromiso de colaborar dende logo téñeno en tódolos sentidos e estámolo demostrando, non é que o digamos, é que o facemos, e a limitación técnica é emendable, ninguén dixo que isto fora un proxecto sinxelo por iso falamos dunha comisión para ir vendo as posibles melloras que se poidan poñer sobre a marcha. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón ten a palabra:** Eu simplemente quero recalcar a nosa postura nestes temas e nestas mocións que se presenten, que primeiro é imprescindible falar coa veciñanza á que afectan estas obras, sería imprescindible que vostedes falasen coa asociación de veciños de As Lamas, que falasen con esta parte de A Valenzá, aquí por detrás de A Solaina, que meterlle aí outro viario con coches facendo ruído que opinan, e con toda a Finca Fierro, que pasa o viario por debaixo da Finca Fierro tamén pegado a toda a rúa de abaixo, pois é importante que a veciñanza coñeza estas cousas antes de vir presentadas a Pleno, e que se saiba ou que se teña unha base de que hai unha demanda ou de que a xente está a favor, para nós é imprescindible. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra a señora Fina Varelas





**A sra. Varelas toma a palabra:** Non teño nada que dicir.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Nós simplemente dicirille que xa que ten o proxecto Ana Pastor enriba da mesa, lémbrenlle cando volvan falar con ela que aquí estamos esperando, a veciñanza da zona está esperando a que se instalen as pantallas acústicas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Quero intervir como Alcalde, evidentemente. Voulle facer dúas apreciacións, primeiro, dado que faloron coa señora Ana Pastor, coa Ministra Ana Pastor, gustaríame saber se hai algunha dotación orzamentaria por parte do Goberno Central para esta obra, e dado que faloron con Ana Pastor supoño que lle transmitirían a esa tan Ministra Ana Pastor ó señor Feijóo que tamén tivera presente esta obra nos orzamentos da Xunta de Galicia, creo que non a hai, como tampouco hai dotación orzamentaria para os 300.000 € que aproximadamente custan os biombos que solicitou este Alcalde na autovía, e lembrarllas tamén outra cuestión que considero que é moi importante, o entorno da capital, incluído Barbadás e San Cibrao, e outros concellos limítrofes como pode ser Toén, teñen agora mesmo tres accesos á autovía, tres, non os ten Vigo, non os ten Coruña, dun único viario, estamos falando dun único viario, valoren iso, é o mellor a señora Ministra nun momento determinado vaille dicir, se é que ten a ocasión de seguir gobernando, que iso xa se verá, dicir que non fagan castelos no aire, a idea parece bonita, pero os castelos ás veces derrúbanse. Votos a favor da moción, abstencións. Grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP e DO e as abstencións do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular de Barbadás sobre a creación dun acceso a autoestrada dende A Valenzá: 1.- Inicia-los contactos coas administración implicadas para construír un enlace coa autoestrada dende A Valenzá.**

**2.- Creación dunha Comisión de seguimento de dita proposta para garantir o avance das negociacións, e achegar cambios se fora preciso, así como achegar ideas que melloren o proxecto e aminoren calquera efecto secundario que poida xurdir.”**

### **12- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADAS SOBRE A CREACIÓN DUNHA PRAZA EN BENTRACES.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Seguinte moción, moción do Partido Popular de Barbadás sobre a creación dunha praza en Bentraces. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.



**A sra. Carril toma a palabra (PP):** Boas tardes a todos, Concelleiros, público. Ante a situación que estamos a vivir no Concello, de falta de xestión do Grupo de Goberno, parécenos axeitado traer aquí esta moción. Pensamos que vai sendo hora de que o goberno bipartito de Barbadás se poña as pilas e empece a face-las tarefas importantes que este Concello demanda e precisa. É por iso que traemos esta moción aquí. Os motivos son moitos pero a modo de resumo podemos sinalar entre outros, no resto de pobos de Barbadás púxose á disposición dos veciños terreo público para o esparexemento, Sobrado do Vispo, Barbadás, Loiro, Piñor, etc. Bentraces non pode ser menos. Trátase dun núcleo que medra, xa que logo hai novos veciños, os espazos de aparcamento e de lecer quedáronse cativos. Poderíamos recuperar a emblemática Praza do Pumar para as actividades sociais. Os grupos políticos como Democracia Ourenzá e Compromiso levábano no seu programa coma nós, por iso é lóxico comprobar que o van votar a favor. É preciso facelo pronto, hoxe hai solares a dispor pero se se constrúe nalgún deles perderíamos a ocasión. Nese caso esixirémolles responsabilidades ó grupo de goberno por perder una ocasión vital de mellora dos espazos de lecer e os servizos de Bentraces. A maioría das parcelas son moi pequenas e non pode construírse nelas. Malia que pagan a contribución como urbanas, non son urbanizables polo que aínda se lle faría un favor a moitos veciños afectados que están a sementar patacas en fincas coa contribución de solar. Por todo iso o grupo municipal do PP de Barbadás pide que o Pleno do Concello aprobe o seguinte acordo,

- 1.- Inicia-los contactos cos veciños de Bentraces para a creación dunha área de recreo, parque e zona de esparexemento onda A Capela, pondo en valor a Praza de Bentraces, librándoa de automóviles i empedrándoa.
- 2.- Negociar cós veciños a compra dos terreos evitando a expropiación a toda costa. Paga-los terreos a prezo de mercado. Incluso se hai algún veciño cunha parcela que estea a cultivar, e non queira desprenderse dela polo momento, pode quedar integrada na futura praza, servindo como area de interpretación agrícola para os máis cativos. Todo pode solucionarse con imaxinación e negociación.
- 3.-Proceder a construción da praza entre a Rúa do Canastro e a Rúa da Capela, con acceso as mesmas e mesmo a estrada de Celanova se fose posible. Achegamos croquis de situación que facilitamos a todos os grupos. Poñémonos a dispor do goberno municipal para colaborar en todo o que precise, estudos técnicos, negociación cos veciños, etc.
- 4.- Liberar a emblemática Praza do Pumar de vehículos, pondo ademais en valor e mellorando a calidade de vida dos veciños e a seguridade viaria de Bentraces.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Nieves. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, nós traemos unha emenda a esta moción. Dende Compromiso por Barbadás comprometémonos no seu día coa veciñanza de Bentraces a mellorar o entorno da Praza do Pumar, unha vez tivemos a moción nas nosas mans fomos a Bentraces e reunímonos cos seus representantes veciñais, segundo o que nos fixeron saber a moción non se corresponde con exactitude coa súa reivindicacións prioritarias, polo tanto para nós apoiar a presente moción e sempre facéndonos eco das demandas da veciñanza propoñemos a seguinte emenda aos acordos na orde en que nolos transmitiron. Primeiro, remodelación da Praza do Pumar segundo proxecto veciñal, segundo remate das beirarrúas da avenida de Celanova, terceiro iniciar os trámites para a adquisición da casa que se atopa á esquerda entrando na Praza, cuarto, iniciar os trámites para a adquisición de terreos próximos á praza para solucionar o problema do aparcamento. Consideramos que esta é a orde realista de facer as cousas, porque empezar polo tema dos terreos pode levar non se sabe canto tempo. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, correspóndelle ó grupo que leva a moción aceptar ou non esta emenda. si. Ten a palabra a voceira do grupo de Democracia Ourensana.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Como ben di a nosa compañeira Nieves, esta medida ía na campaña de Democracia Ourensana por Barbadás, e máis eu mesma falei en Aurea TV da necesidade de crear aparcamentos para os coches en A Valenzá, xa que é un problema que vivino eu en carnes propias unha vez que tiven que ir eu a falar co señor cura, co párroco, e non tiven onde deixar o coche, tiven que baixar á vía principal onde non se poden aparcas, e a partir de aí varios veciños achegáronse a min dicindo efectivamente esta necesidade, isto non quere dicir que tamén haxa que arranxar a Praza do Pumar, ou sexa, pódese facer todo, o que pasa é que hai que facer as cousas de tal xeito que se fagan unha soa vez, porque se vamos a arranxar primeiro a praza e os coches van seguir aparcándose e vano a estragar para despois xa comprar os terreos é algo difícil. Eu penso que habería que acelerar isto facelo en unidade de actos e intentar facer as dúas cousas ó mesmo tempo pois sobre todo para non andar facendo obras, e como pasa moitas veces, rompen unhas beirarrúas, meten as tubaxes, ó cabo de tres meses volven a romper outras para meter outras, entón hai que programarse ben para facer todo o que queren os veciños, dentro das medidas de que sexan viables pero facelo con cabeza para non andar tirando nin tempo nin diñeiro. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Fina Varelas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Dende que o Partido Popular está na oposición hai que vir ós



Plenos con un esquema ben clariño e ir marcando negro sobre branco e ir marcando as contradicións. Ou mellor onde era branco agora é negro. Doutro xeito non se entende que o que hai uns meses era marabilloso agora é un desastre e onde antes non se se precisaba intervir agora haxa que investir miles de euros. Fagamos unha recapitulación dos feitos, o 5 de maio de 2014 o anterior alcalde, José Manuel Freire, respondeu ante unha moción presentada polo Grupo Socialista para mellorar a accesibilidade, a habitabilidade e a mobilidade en Bentraces que esa proposta era un exemplo de que a demagogia é moi extensa, esas eran as palabras del. Freire dixo textualmente que non había sitio para un aparcamento. Dixo tamén que foi moi dificultoso conseguir os terreos para o parque situado a carón da estrada de Celanova, e o anterior goberno do que a señora Nieves Carril formaba parte sostíña que en lugar de aparcarse na Praza do Pumar, que deixaran os coches xunto á antiga escola, que o deixaron no Campo do Carril ou no Barreiro porque non se podía deixar o coche ó pé da casa, palabras textuais que figuran na acta ás que tanto lles gusta recorrer a vostedes. O anterior goberno negou que existiu un compromiso do Concello para mercar terreos para habilitar unha zona pública de aparcamento. Negouno a pesar de que esa era unha das demandas plantexadas pola asociación de veciños dende hai anos. E agora a que foi concelleira durante dúas lexislaturas e que estivo gobernando asina unha moción pedindo practicamente o mesmo que pediu o Grupo Socialista en maio de 2014. Pasou só 1 ano e medio. En Bentraces non cambiaron moitas cousas. As necesidades son as mesmas temos constancia dela, a directiva da asociación é a mesma, os e as veciños e veciñas seguen sendo os mesmos e hai ano e medio non era preciso un aparcamento e agora si. Hai un ano e medio Freire aceptaba da moción socialista retirar a fonte que estorbaba, dicía, na Praza do Pumar, iso era o máximo que se comprometía, non á remodelación desa praza que levamos pedindo dende hai anos ou dous grupos dende a oposición. E agora 1 ano e medio despois si queremos un aparcamento, si nos poñemos a disposición do goberno PSdeG e do BNG para mercar terreos e queremos construír unha praza que teña as 3 funcións: aparcamento, zona de espaxamento e integración dunha horta como área de interpretación agrícola para nenos e nenas. En suma, un tres por un cando non foron capaces vostedes en anos de arranxar en profundidade da da Praza do Pumar e agora pretenden que o goberno restaure esta emblemática praza, vostedes falan de liberar ao mellor eu digo restaurar e estoume equivocando, só sería liberala de coches segundo vostedes e pídenos que consigamos terreos para unha segunda praza e un aparcamento. Comprendan señores concelleiros e señoras Concelleiras do Partido Popular que quedemos estupefactos. Evidentemente coincidimos en moitas das propostas e por suposto na esencia da moción. Pero ó goberno PSdeG-BNG os tempos márcanolos a veciñanza.



Teremos que escoitar á asociación de veciño, teremos que escoitar á cidadanía de Bentraces, teremos que escoitalos a todos para que definan cal é a orde de prioridade nos proxectos a acometer e como goberno daremos os pasos necesarios para facer cambios substanciais neste pobo. Paso a paso. Primeiro remodelamos a Praza do Pumar, primeiro compramos os terreos, iso teránolo que ir dicindo os veciños do pobo, que son os que mandan. E non nos esquecemos de asuntos tan importantes como os que hai un ano e medio plantexamos na proposta do Grupo Socialista como era acometer o proxecto de humanización, como xa dixemos, construír beirarrúas na marxe dereita da travesía de Bentraces, tal e como recolle a emenda do compañeiro Ramón Padrón, rebaixar o paso situado na intersección da estrada OU-540 coa rúa do Canastro, que é unha vella reivindicación da veciñanza, e incrementar a sinalización dos pasos de peóns para mellorar a seguridade viaria, e instalar na travesía de Bentraces sinalización luminosa para evitar accidentes ou incidentes de tráfico.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas ten a palabra a señora Nieves Carril.

**A sra. Carril toma a palabra:** As tres cousas van vinculadas entre si, se o que se persegue é o benestar dos e das veciñas de Bentraces, pois non poderíamos, porque non poderíamos pedir un aparcamento e reducir así as zonas de recreo, e non poderíamos pedir só acondicionar a praza, porque mentres tanto que facemos cos coches, onde os metemos, e unha vez acondicionada a praza, ¿volverían a estacionar alí os coches?. Non poderíamos pedir só unha zona de recreo cando hai un problema de humanización na praza porque está chea de vehículos. A moción que presentamos o PP de Barbadás inclúe as tres problemáticas, acondicionamento da Praza do Pumar, solucionar os problemas de estacionamento de vehículos, e dotar de zonas de recreo ó pobo de Bentraces.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Simplemente dicir que a proposta do Partido Popular non está ben estruturada, por iso nós presentamos esta emenda, que primeiro hai que empezar polas obras realistas, e logo intentar as cousas que levan moito máis tempo, como é iniciar trámites. Vostedes saben que para iniciar trámites para comprar terreos leva un tempo moi grande, e durante ese tempo están sen praza remodelada.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Eu só dicirlle a Ramón que cando volva a presentar unha emenda que ma presente con antelación para saber o que vai a dicir, é certo que esta tarde chamoume e informoume, pero a outras persoas supoño que non entón as cousas hai que facelas como hai que facelas, que nos dea unha marxe de tempo para velas.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza

**A sra. Morenza toma a palabra:** Lembrarlle ó Partido Popular que tiveron 28 anos para remodelar a Praza do Pumar que tiveron a oportunidade durante o goberno bipartito na Xunta de Galicia de levar a cabo este proxecto e gardárono nun caixón. E lembrarlle tamén que teñen abandonado, tiveron abandonado durante anos a zona do Barreiro tamén é outro exemplo emblemático do que é o pobo de Bentraces, e do que o pobo de Bentraces necesita como espaxemento e como zona deportiva non fixeron nada e agora véñenlle as presas pero xa lle dixen que quen marca os tempos é a veciñanza.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** A min só me gustaría facer unha puntualización para rematar. Fálase na moción de recuperar a emblemática praza do Pumar e acaba de recordar a compañeira Victoria que no ano 2008-2009 a Consellería de Vivenda do anterior goberno da Xunta de Galicia tiña un proxecto para remodelar a praza do Pumar a través duns planos de recuperación de espazos públicos singulares no rural, que creo lembrar que estaba orzamentada ó redor de 240.000€ e que coa chegada do Partido Popular a Xunta de Galicia aquel proxecto quedou esmorecido e enterrado. Por certo o Partido Popular de Barbadás no fixo nada por recuperar aquel proxecto e por recuperar aquela inversión que era da Xunta de Galicia, máis de 200.000 € que ían vir da Xunta de Galicia para converter a Bentraces nun modelo a seguir no noso Concello, para facer de Bentraces un pobo singular, e un pobo onde puidéramos recuperar a súa beleza, e estar á altura como están outros Concellos de Galiza, non vou facer xa referencia a Concellos gobernados polo Bloque Nacionalista Galego como Allariz, vou facer referencia a Concellos onde goberna o Partido Popular, Celanova, Vilanova dos Infantes, A Merca, lugares que recuperaron prazas e contornos no rural para espaxemento e lecer dos seus veciños e das súas veciñas, vostedes deixaron pasar esa oportunidade e agora preocúpanse única e exclusivamente en buscar aparcamento para os coches, esta é a preocupación do Partido Popular, en vez de buscar construír no rural do noso País un lugar onde a xente estea fahendosa de vivir en ese rural onde se sinta identificado, onde se recuperen todos os valores autóctonos, vostedes establecen que temos que pór aparcamentos para coches, a nosa visión do rural do noso país é ben diferente ao que vostedes propoñen, a nosa visión é facer de Bentraces un lugar que sirva de modelo, despois poder facer en outras parroquias do Concello o mesmo que se pode facer na praza do Pumar de Bentraces.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada cos votos a favor do PP, DO e Grupo Mixto e as abstencións do PsdG-PSOE e BNG o seguinte acordo: “ **Moción do Partido Popular de**



**Barbadás sobre a creación dunha praza en Bentraces: 1.- Inicia-los contactos cos veciños de Bentraces para a creación dunha área de recreo, parque e zona de esparcemento onda A Capela, pondo en valor a Praza de Bentraces, librándoa de automóbiles i empedrándoa.**

**2.- Negociar cós veciños a compra dos terreos evitando a expropiación a toda costa. Paga-los terreos a prezo de mercado. Incluso se hai algún veciño cunha parcela que estea a cultivar, e non queira desprenderse dela polo momento, pode quedar integrada na futura praza, servindo como area de interpretación agrícola para os máis cativos. Todo pode solucionarse con imaxinación e negociación.**

**3.-Proceder a construción da praza entre a Rúa do Canastro e a Rúa da Capela, con acceso as mesmas e mesmo a estrada de Celanova se fose posible. Achegamos croquis de situación que facilitamos a todos os grupos. Poñémonos a dispor do goberno municipal para colaborar en todo o que precise, estudos técnicos, negociación cos veciños, etc.**

**4.- Liberar a emblemática Praza do Pumar de vehículos, pondo ademais en valor e mellorando a calidade de vida dos veciños e a seguridade viaria de Bentraces.**

**5- Remodelación da Praza do Pumar segundo proxecto veciñal,**

**6- Remate das beirarrúas da avenida de Celanova,**

**7- Iniciar os trámites para a adquisición da casa que se atopa á esquerda entrando na Praza,**

**8- Iniciar os trámites para a adquisición de terreos próximos á praza para solucionar o problema do aparcamento ”**

### **13- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR DE BARBADÁS SOBRE A PROBLEMÁTICA DA GARDERÍA MUNICIPAL DE BARBADÁS.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular en relación á súa problemática da gardería municipal de Barbadás.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Ante a proposta de mobilidade da Auxiliar Administrativa da Gardaría Municipal o día 14 de Outubro de 2015 o grupo Popular de Barbadás informa das tarefas que viña desenvolvendo: Entrada na gardaría as 9 da mañá, ata as 10 axuda a recoller ás nenas e nenos que van chegando, e os leva as súas aulas. Realiza as tarefas administrativas da Gardaría, facturas, remesas de recibos, xestións administrativas. Realiza fotocopias que lle solicitan as educadoras para traballar vos nenos. Atende ó teléfono (tarefa importante, xa que se algún nena ou neno se poñen malos, ela chama os pais para avísalos e recolle as chamadas dos mesmos ante inquedanzas ou avisos dos seus fillos). -





Atende a porta de entrada nas horas lectivas nas clases, para no interromper as mesmas. Reforza as persoas de apoio e as educadoras en calquera momento puntual. A partir das 13 horas e ata as 14 horas ponlles as chaquetas e as mochilas e entrégalle os nenos ós pais. Si falta algunha educadora axuda no comedor a levántalos da sesta e os prepara para saída do centro. A gardaría leva funcionando 11 anos no Concello sendo un referente en canto a calidade e servizo, para o Partido Popular os 94 nenos son prioritarios neste Concello, aínda que para algúns non, e a súa seguridade aínda máis. Conta con 11 traballadoras, das cales 7 son educadoras, 3 de apoio ( unha delas a tempo parcial durante 6 horas) e 1 cociñeira. Unha vez máis se pon de manifesto que o Grupo de Goberno non sabe por onde anda, cambia a xente de situación sen saber as súas tarefas. Non apuntamos a persoa en concreto con nome e apelidos, danos igual unha persoa que outra, o que queremos é que o servizo siga sendo mellor, se esta persoa quere marchar da gardaría nós non temos problema, o que queremos é que o servizo se cumpra. Os pais están inquedaes por iso traemos esta moción ante este novo cambio. ¿Quen falará con eles, quen lles vai coller o teléfono, terá que saír unha educadora da súa aula para atender as tarefas da auxiliar e desatender as súas funcións?.¿Saben vostedes o ratio da gardaría de coidadoras por neno?.¿Saben si a próxima inspección da Xunta aprobará a saída da auxiliar, ou recibirá o Concello unha multa pola súa ineficacia xa patente en todo o que fai?.Non esquezan que todos os cambios que levan feito ata o de agora perdéronos nos xulgados, non vamos a pór nomes aquí pero varios dos traballadores que estaban gañaron nos xulgados e reclamaron os seus postos e volven a eles. ¿Cantos cartos nos están a custar ós cidadáns de Barbadás todo isto?. O Partido Popular de Barbadás non vai consentir que xogen coa seguridade dos máis cativos do Concello, queremos deixar constancia nesta moción que baixo a súa responsabilidade fan este cambio, co apoio dos demais grupos se non aprobaran esta moción. Sr. Alcalde estea vixiante, outro gol que lle meten e non se entera, os seus compañeiros de viaxe quedan ben e vostede fai o trabado sucio. Ten que pensar que neste Concello hai servizos que non se poden trasladar ós servizos administrativos (a gardaría ou a policía entre eles).

**O sr. Padrón toma a palabra:** O Grupo Mixto Compromiso por Barbadás ó ter coñecemento da moción do PP sobre a gardaría municipal personouse nesta para recadar información da dirección e dos pais dos nenos que fan uso desta. Ámbalas dúas partes coinciden en que esta administrativa, que fai tamén labores de coidadora, é necesaria para o normal funcionamento da gardaría, polo tanto queremos saber cal é o motivo polo que o grupo de goberno considera a mobilidade desta persoa. Grazas.



**A sra. Varelas toma a palabra:** Democracia Ourenzana por Barbadás tamén se achegou á gardería, estiven falando con varias persoas que traballan alí e con algúns pais de nenos e efectivamente comentaron o mesmo que acaba de comentar o meu compañeiro Ramón, que é necesaria esta persoa, esta persoa non quere dicir esta persoa en particular, pode ser esta persoa ou outra calquera, xa que na gardería actualmente hai 92 nenos, hai 7 educadoras, hai 7 aulas, hai 3 persoas de apoio pero unha delas está de 5 ou 6 horas, e hai 70 nenos para comer, entón realmente os nenos teñen prioridade, e penso que haberá en sitios que efectivamente pode sobrar persoal, e se poda trasladar dun lado para outro, eu estou de acordo, todo o que sexa reducir gastos ou facer as cousas mellor, pero neste caso xogar cos nenos paréceme absurdo, se vostedes queren levar a administrativa para outro local pois manden a outra persoa para aí que poida facer as funcións que está facendo aparte esta persoa simplemente.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Unha das primeiras premisas que este goberno pretendeu pór en marcha dende o mes de xuño, foi relativa á racionalización dos recursos humanos deste Concello, tentanto pór orde onde non o había. Pretendemos que todos os servizos municipais pasen a formar parte dunha administración moderna, na que se materialicen uns servizos centralizados, uns servizos xerais unificados (vexase na Casa do Concello e nas Oficinas Municipais), en definitiva a creación dun Portelo Único que realmente sirva para que a cidadanía teña a atención acaída. Vostedes señores do PP vostedes teñen unha imaxinación digamos prodixiosa, inventan problemas onde non os hai porque neste caso porque lles interesa polemizar, basta con ler a súa moción e ver os supostos cometidos que lles encomendan a esta traballadora como Auxiliar Administrativa da Escola Infantil Municipal e que segundo vostedes digamos “es la chica para todo”, así é como o tiñan vostedes “todo daquela maneira” e o camiño que nós pretendemos é o que acabo de relatarlle crear bos servizos administrativos e pór á xente a traballar de auxiliar administrativo onde realmente teña cometidos para esa función. Falan que leva efectivamente a escola infantil 11 anos funcionando, miren saben cando realmente tería problemas o movemento desta persoa como auxiliar administrativo, pois poño por caso cando había 5-6 aulas, anos ha, pertencía á empresa Lazos, e efectivamente había 5-6 monitoras non máis, onde había que levantar a man para saír ó carto de baño, ou para facer calquera tipo de, aí era cando realmente o cometido de alguén de apoio sería preciso, aínda neste caso esta persoa como auxiliar administrativa, que poderá en todo caso facer unhas condicións e exercer uns cometidos que non tivera estipulados. Efectivamente vostedes encoméndalles unha serie de funcións que nós



efectivamente entendemos que non son funcións dun auxiliar administrativo pero están outras traballadoras do centro, efectivamente xa dixeron por activa e por pasiva eu se queren pois llo podo repetir, pero , as aulas que temos, temos 7 aulas, cada unha coa súa Técnico en Educación Infantil, 3 asistentes infantís de apoio, aínda que unha delas efectivamente non a xornada completa, hoxe está 6 horas, unha cociñeira, persoal de limpeza, é dicir, polo tanto, non vai haber ningún problema de funcionamento. A directora poderá ausentarse da súa aula, para atender un teléfono, para sacar ou meter un rapaz no centro, é dicir e poderá encomendar a calquera persoa das que ten como asistentes infantís. Entón realmente penso que deben ter certa tranquilidade, porque realmente non “es el acabose”, é dicir, trátase de reordenar, efectivamente o cometido desta traballadora e o que entendemos dende o equipo de goberno é de que vai seguir facendo xestións administrativas da Escola Infantil, pero noutras dependencias municipais e acometendo outro traballo para darlle contido a súa xornada laboral. Hoxe esa persoa non ten volume de traballo administrativo para ocupar a súa xornada laboral a tempo completo. Vostedes tiñano así, un auxiliar para cada servizo, non lles importa que teña cometidos ou deixe de ter, iso a vostedes tanto lles tiña, nós traemos esta proposta para racionalizar estes recursos humanos.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas

**A sra. Vispo toma a palabra:** Señor Serafin Núñez, vostede sabe como funciona a gardería municipal de Barbadás, eu creo que non, vamos a ver, hai un regulamento interno que se aprobou en Pleno, onde di que esta gardería ten que ter, unha coordinadora, que xa existe, un administrativo e o equipo educativo, é dicir, o administrativo está aprobado no regulamento interno da gardería. Segundo vostede ten coñecemento de cantas horas fai cada unha das monitoras que está alí. Eu levei a gardería catro anos aquí non Concello, non están as 7 horas, porque vostede comprenderá que abre ás 7:30 da mañá e pecha ás 8:30, son 7 aulas, son 11 persoas as que traballan alí, e non todas están as 12 horas traballando, aquí lle traio os horarios persoais de cada persoa, cinco horarios que cambian cada semana, tres persoas de apoio que unha está pola mañá e outra pola tarde, hai unha persoa con redución de xornada, eu non sei se vostede sabe todo isto. Como non lle importa aquí hai 94 nenos que ó Partido Popular si lle importan, e voulle a explicar máis, sabe o que pasou esta mañá, que a persoa auxiliar administrativo estaba de día moscoso, creo que se chama, sabe o que pasou hoxe a mañá, cóntollo, porque creo que vostede non o sabe e leva a gardería, hoxe a mañá chamaron a unha nai de que o seu neno estaba malo, chamárona por teléfono, podo dicirlle o nome da coidadora, se quere dígoallo, non sei se pode constar pero se quere dígoallo, entón esa persoa chamou á nai, a nai



púxose no timbre da gardería, durante, esaxerado tempo pensando que lle pasaba algo ó seu fillo porque ninguén lle abriu a porta, tivo que chamar á gardería, onde o teléfono tiña a directora que cuida a bebés, que é a coordinadora neste momento, e dende o seu teléfono móbil chamou á outra cuidadora dentro da gardería para comunicarse porque non pode deixar ós bebés sós, e acudir á porta para que levaran ese neno á súa nai, iso é o que pasou hoxe á mañá, pódeo constatar calquera cidadán de Barbadás, é dicir señor Serafín, vostede a vivir e a facer as cousas que vostede debe facer, levar os servizos administrativos, xa vemos que tanto os colexios, como a gardería, como os maiores, como as persoas de Barbadás, dálle igual, vostede o que quere é abrir tres tardes no Concello de Barbadás, senón hai xente, senón hai xente para abril, abra unha tarde, ou abra dúas, que a xente, a cidadanía vaino entender que non temos persoal, pero deixe que os nenos teñan a atención primordial neste Concello, nada máis. Xa vexo que está moi enterado do que pasa nos seus servizos.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, como cando foi o traslado de persoal que había no Fonval porque efectivamente alí non estaban facendo nada, aparte que o reclamaron a propia asociación de xubilados e estábamos de acordo, agora nós a nosa política é ir ós feitos e ó sentido común, hai unha dirección que di que é necesaria esa traballadora, esa traballadora como se falou antes é esa ou outra, aparte polo que temos entendido que nos dixeron tamén ten o título de xardín de infancia, ou sexa que non fai só labores administrativas, os pais tamén reclaman que siga alí e aparte hai outra cousa aquí, todos en campaña se defendeu que Barbadás necesitaba outra gardería municipal, entón xa que non a construímos aínda outra gardería municipal, e á que temos lle sacamos traballadores, pois o sentido común dinos que siga esa persoa traballando aí, porque aparte falábase de 90, primeiro 80, despois 90, pero seica pasa de 100, a min dixéronme 103 hoxe, é igual, hoxe en Piñor un rapaz díxome que ía vir a apuntar os nenos, ou sexa que iso medra, se pedimos outra gardería porque está medrando o número de nenos é a demanda. Nada máis.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Como dicía Padrón hai 92 nenos e hai dúas vacantes para xente necesitada que poida mandar asuntos sociais. O que está claro é que debe haber un mundo paralelo entre o Goberno e oposición, debemos estar en mundos diferentes, porque claro eles din que non fai falta, nós vamos ós sitios dos feitos e falando coa directora con algunha cuidadora máis falando con pais de nenos todos nos din que fai falta unha persoa, é que xa non é cuestión de que faga falta unha persoa é que quedáronse 30 ou 40 nenos sen praza por non ter outra gardería, entón en vez de crear unha segunda gardería queremos votar a persoal da que temos, pois se esa administrativa vostedes a queren reubicar no traballo que ela ten que facer moi ben, lévena de aí pero manden outra persoa para



axudar na gardería, porque eu penso que nos dá un pouco igual que se chame Juanita ou Pepita, pero que se cumpra o traballo, hai que sacar o traballo adiante e os nenos non é, bo non pasa nada, porque hai cuidadoras que están cuidando 20 nenos, o cal a min paréceme unha aberración, porque madre mía como se moven os nenos, entón a ver se en vez de axudalos lle estamos quitando axudas que tristura. Grazas.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Vamos por partes, a ver en relación co que di o voceiro do Grupo Mixto, dicindo pois que efectivamente todos reclamábamos pois unha segunda escola infantil pois evidentemente que o reclamamos, e eu creo que aquí hai que deixar evidentemente claro que si efectivamente non se concretou isto en anos anteriores foi por negligencia tamén do Partido Popular cando evidentemente hai unha demanda moi precisa deste servizo, porque evidentemente para que o saiban, é dicir, son 36 os nenos-nenas que quedaron fóra neste ano, porque dicides cifras pero non son axustadas á realidade, son 36 rapaces cos que se vai pois a entender con estas familias algún tipo tamén de actuación que permita efectivamente pois solventar a problemática de non ter esta segunda escola infantil que non a temos por culpa daqueles señores da bancada de atrás. Dicir que si efectivamente a dirección e os pais están en contra desta proposta, eu realmente a min o que me consta é que realmente e repito os cometidos que ten esta persoa ó longo dunha xornada laboral son os que ten que ter porque non ten cometidos como auxiliar administrativo como para estar unha xornada completa e non me vale que me digas que lle ten que poñer a chaqueta, que ten que sacar o neno, é dicir, para iso hai outras traballadoras que teñen ese cometido, ese non é o cometido dun auxiliar administrativo, un auxiliar administrativo ten que ter cometidos propios do seu posto de traballo para cometer a súa xornada laboral de sete horas e media, ou de sete horas, sete horas e media neste caso, se non os ten a obriga deste goberno é buscarlle unha nova situación e buscarlle digamos concretar e materializar este servizo. Respecto ó que di a voceira de Democracia Ourensana dicirlle que son 92 os nenos e nenas que temos hoxe máis tres, non dous, tres que son as prazas que están reservadas para emerxencias de servizos sociais efectivamente, son 95 os cupos que temos, e dicir non sei, parece que vos da pena non sei, non é cuestión de nada, é cuestión de lei, é dicir, están en aulas, os rapaces están en aulas tal e como establece a lexislación, temos dúas aulas de 0 a 1 anos con 7 nenos que é o que establece a lei, temos tres aulas de 1 a 2 anos con 13 nenos e nenas que é o que establece a lei e temos dúas aulas de 2 a 3 anos con 20 nenos que é o que establece a lei, iso todo suma 92 rapaces, e temos esas tres prazas de reserva que hai dúas en 0-1 ano, e unha de 1-2 anos, iso é para pois digamos cada un dicides cousas, un di cinco o outro seis, e ningún se axusta ó que é, entón para que vos quede un



pouquiño claro de acordo. E con respecto ó que dicía a voceira do Partido Popular, vamos a ver, eu si que sei o que pasa na gardería, na escola infantil, esa é a súa opinión, eu paso polo servizo cando entendo que debo pasar, me manteño en contacto telefónico coa directora no día a día, eu sei o que pasa nese servizo, e sei que hoxe non estivo a auxiliar administrativa, e sei o caso que ti estás contando eu tamén o sei, é dicir, non é ningunha novidade, para min dende logo non o é, que che quede claro. Dígoche que efectivamente sucedeu iso, e que efectivamente habendo persoal de apoio que esa cuestión haberá que reestruturala de maneira que ese persoal de apoio sexa quen poida abrir unha porta, sexa quen poida coller un teléfono, sexa quen poida substituír á directora en un momento dado para ausentalas dun aula e para tomar algún tipo de decisión, si efectivamente sei os horarios que teñen as traballadoras evidentemente, como non o vou a saber, sei efectivamente as traballadoras que están en redución de xornada, claro que o sei, como non o vou a saber. E eu sigo entendendo, e o equipo de goberno segue entendendo que efectivamente se pode trasladar esta traballadora sen sufrir ningún tipo de merma a calidade do servizo. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Primeira cuestión, como dixo o señor Serafín Núñez as unidades de 0 a 1 anos teñen que ter un ratio de 1 a 8 nenos, de 1 a 2 unha coidadora por 13 nenos, e de 2 a 3 unha coidadora por 20 nenos, polo tanto o ratio neste Concello cúmprese. Segunda cuestión, a lei, si porque eu miro a lei, indica non pide en ningún momento que haxa persoal administrativo en ningún momento a lei galega sobre espazos infantís e sobre garderías municipais fala da existencia e da necesidade de persoal administrativo. Terceira cuestión, cando hai 7 aulas, hai 7 profesoras, 7 coidadores, máis 3 persoas de apoio creo que son suficientes, vostedes debería valorar outra cuestión que de momento non valoraron, por exemplo, que creo que é moito máis grave do que se está plantexando aquí neste debate, entre outras cousas é que unha persoa que tiña encomendadas unhas funcións e vostede vaime entender perfectamente, porque entón encasillamos a unha persoa e sabemos que é, vostede vaime entender perfectamente, unha persoa que tiña que encargarse de dúas tarefas que dende logo non é auxiliar administrativo nin a coidadora, polo tanto deduza vostede xa quen queda, pois voullo dicir, a cociñeira, a cociñeira leva moito tempo, levaba moito tempo que tiña que encomendarse da labor de limpeza do comedor máis da cociña, a persoa en cuestión non limpa o comedor, e vostedes fixeron caso omiso de todo isto, cando a limpeza dos nenos, ou a limpeza dos espazos situados polos nenos é algo fundamental. Cuarta cuestión, por ir puntualizando, todas estas funcións que mencionan aquí que realiza esta persoa pois son labores propias dunha coidadora, e vostedes están falando dun auxiliar administrativo, ben pois aquí cada un terá que facer o traballo que





Ile corresponda e que ten asignado en función da súa titulación, e finalmente vostede di que na súa moción non pon nomes, pois eu aquí vexo dous nomes, dúas persoas figuran aquí, que demandaron ó Concello, e fala vostede de que me meteron un gol a min señora Chelo, o gol meteullo vostede á cidadanía de Barbadás cando contratou un monitor a dedo, ata o tope máximo permitido pola Lei en fraude de lei como vostede mesma reconece na sentenza e o xuíz así o avala, “constancia expresa de los motivos y de la fecha de notificación el empresario debe acreditar”, espere non está aquí subliñado, aquí fala ben clariño de que vostede no minuto, eu estoume cinguindo á moción señora Chelo, eu cingome á moción, porque vostede na moción fala, fala aquí clariño, fala, non esquezan que todos os cambios que levan feito ata o de agora, perdéronos nos xulgados

**A sra. Vispo toma a palabra:** Cando lle damos forte e cando vostede nos saca o revés para que o vexa á cidadanía.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo, estou intervindo eu

**A sra. Vispo toma a palabra:** Modesto gañou o xuízo e vostede o sabe.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo si, pero porque vostede contratou a esa persoa en fraude de lei como vostede mesmo reconece no minuto 33 e 36 segundos

**A sra. Vispo toma a palabra:** Entón denunciaríanme a min.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Chelo, estamos aínda a tempo de iniciar un expediente de derivación de responsabilidades contra vostede, estamos a tempo de facelo. Vostede mesma na sentenza que hai, no fallo reconece na súa declaración creo lembrar 33 e 36 segundos que se fixo para evitar impedir contratalo non poder contratalo, polo tanto, no propio xulgado vostede reconece que contratou a esa persoa en fraude de lei, polo tanto non utilice artimañas estrañas que están recollidas na súa propia moción como argumentación, e a sentenza pode vostede vela e aí consta, e pódena ver todos os veciños de Barbadás. Dito isto, isto vai en consonancia coa súa argumentación na moción, hai 7 persoas na gardería, este Alcalde, ese Concelleiro que se encarga de servizos sociais falan tanto ca directora da gardería coma ca profesional que desempeña as labores de administración, e hai versións distintas e nós interpretamos cousas que consideramos que son as que hai que facer neste Concello e nesa gardería. Falamos con todas as partes que están afectadas, e polo tanto a Alcaldía en consonancia co que opine o señor Sarín decidirá. Ten ela a quenda de réplica e as quendas acabáronse, entón ela ten dereito a unha quenda de réplica.

**A sr. Vispo toma a palabra:** Vamos a ver empezo pola difamación, é moi grave o que vostede acaba de dicir agora sobre a miña persoa, eu declarei ante un xuíz, a sentenza está aí, e é moi grave o que





acaba de dicir e tomaremos medidas legais. Segundo, ó que vimos aquí, e non lle dea a volta, non meta unha cortina de fume agora sobre as persoas que eu nomeei e é certo, e custoulle á cidadanía de Barbadás eses preitos, segundo o que máis importa neste momento e non vou a entrar, é que os nenos da gardería estean a salvo das súas atrocidades, de quitar a unha persoa para que ós nenos lles pase algo, voulle dicir algo máis, se lle pasa algo algún dos nenos que está na gardería se fan ese cambio vostedes van ter a responsabilidade, porque dende logo nós, os tres grupos, polo que estou oíndo non vou a entrar nese xogo. Segundo a Interventora está aquí, agora voume cinguir a esa sentenza, a Interventora está aquí, cando nós gobernábamos, vamos a ver, cando nós quixemos contratar a esa persoa como coordinadora de deportes, nós loxicamente non somos técnicos para iso temos os técnicos do Concello e séguenos tendo vostedes, tanto á Secretaria como á Interventora, nós puxémoslle sobre a mesa o problema que había no momento no polideportivo e que necesitábamos un coordinador non se podía contratar pola lei, entón a mellor maneira e o argumento que nos deron nese momento foi como autónomo, nada máis, e que hai varias persoas, e dicímolo porque foi o argumento que nos deu nese momento Intervención, e que agora o negue, nós pedimos un informe e hai actas das Xuntas de goberno, ou sexa que non me veña vostede a dicir a min que facemos as cousas mal, diso nada, son os propios técnicos que nos din, e a vostedes diranlle o mesmo, o que temos que facer. Temos outra pregunta ó final para a señora Interventora, vamos a ver, queremos dicir que na Escola de Música nas resolucións de alcaldía hai persoas da escola de música que se lle aumentaron as horas, pois voulle a dicir máis, nós no seu momento o Partido Popular non puido facelo porque non nos deixaron, vostedes son mellores ca nós, non entendemos por que si agora se aumentan as horas na escola de música e a nós non nos deixaron, estas son moitas das dúbidas que temos, non sabemos se van para un lado ou para o outro, o que si quero deixar claro, é que o que fixemos nese momento con esa persoa, con ese coordinador, estivo dentro da legalidade que en todo momento nos dixeron neste Concello, e ninguén se tomou, e era unha persoa do deporte, non sei porque di vostede dado a dedo, era a persoa axeitada para levar a escola de fútbol e a coordinación nese momento, non sei porque di vostede iso, de todas maneiras a difamación neste momento queda gravado con varias cámaras e levarase onde se teña que levar, téñao por seguro.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Pois teña vostede por seguro que entón este Alcalde iniciará o expediente de derivación de responsabilidade, digo que existe a posibilidade e por iso se apelou a sentenza, que ninguén diga que non se chegou ata o final neste asunto da derivación de responsabilidade, vostede reconece e o xuíz reconece que hai unha contratación en fraude de lei, e en



base a súa testemuña señora Chelo, en base a súa propia testemuña, polo tanto fíe ben o que vai facer, fíe ben, e dicimos a dedo porque onde está o concurso de méritos, onde está o concurso de méritos para contratar a ese señor, eu remato, pero estamos por alusións, onde está o concurso de méritos.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Mire voulle a dicir que isto é entre vostede e eu, e o que importa a aquí é a moción que trae o Partido Popular, iso cando queira discutímolo na Xunta de voceiros se queren os demais, non teño ningún problema en vir, pero vamos a vir ca lei na man.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** E nós tamén, e de feito hai unha sentenza. Non vou a intervir máis en relación a ese asunto, porque está resolto. Señor Ramón Padrón

**O sr. Padrón toma a palabra:** Eu por remitirme outra vez o que é a moción, pídolle ó Partido Popular que cando fale de que non van a entrar no seu xogo, fale por vostedes, non diga aquí o que dixo o Partido Popular, nós votaremos o que teñamos que votar, pero sempre coas nosas indagacións, non polo que dixo antes

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Polo tanto votos a favor, votos en contra. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP, DO e Grupo Mixto, e os votos en contra do PSdeG-PSOE e BNG o seguinte acordo: **“Moción do Partido Popular sobre a problemática da gardería municipal de Barbadás: Rexeitar xa a proposta de mobilidade da auxiliar administrativa da Gardaría Municipal.”**

#### **14- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA MELLORAR A PÁXINA WEB DO CONCELLO.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Corresponde agora a quenda á moción do Grupo Mixto para mellorar a páxina web do Concello.

**O sr. Padrón toma a palabra:** O Grupo Mixto vai traer moción do día a día e realistas. O Grupo de Compromiso por Barbadás propoñemos a reestruturación e mellora da páxina web do Concello, e en concreto, Barbadás en profundidade, pois pensamos que a información que ofrece é moi escasa. A día de hoxe entrando neste enlace atopamos as 7 parroquias que forman o noso Concello e picando en cada unha delas lemos algún dato sobre as igrexas, pazos e monumentos que atopamos nestas freguesías. Nós queremos chegar máis aló, propoñemos un acceso máis visible e destacado e ampliar a información sobre o noso Concello para que realmente poidamos coñecer Barbadás en profundidade. Atopar non solo puntos de interese, senón tamén información útil e curiosa. Dende o número de habitantes, localización das súas fontes potables, instalacións deportivas, igrexas, arquitectura de



interese, parques, locais sociais e cursos que se estean impartindo nel, lendas, posibles rutas de sendeirismo, pequenos comercios locais, bares, restaurantes da zona.... ata os festexos que se celebran ao longo do ano. En definitiva, unha vista o máis completa posible de Barbadás onde ademais de promover o noso Concello e posibles visitantes ou futuros veciños, brindemos información ós noso fregueses. Presentamos os seguintes acordos para que se debatan e se procede aproben no Pleno. Primeiro, reestruturar a páxina do Concello para que sexa máis fácil o acceso a Barbadás en profundidade. Segundo, dividir na páxina do Concello en parroquias e estas nos lugares que forman parte delas. Así por exemplo San Lourenzo de Piñor ten que estar dividido en : A Parada, San Uxía, Requeixo, Godexás, Roma, A Pipileira, As Quintas, A Chaira, A Barxa, Barro do Hospital, San Bieito. Núcleos de poboación xa consolidados pertencentes á parroquia, e así en todas as parroquias do Concello, co que contribuiremos a dar unha información máis estruturada de acordo cos nomes de cada lugar, e terceiro ampliar a información sobre as nosas parroquias e aldeas contribuindo con elo a que sexa unha ferramenta útil para todas aquelas persoas que por uns motivos ou outros decidan que queren vir a vivir ó noso Concello. Moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas ten a palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Nós Democracia Ourensana votamos a favor desta moción de Compromiso por Barbadás.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Parécenos moi axeita a proposta do Grupo Misto e temos que dicir ó respecto que coma calquera páxina web, é necesario e obrigatorio ila implementando con datos, información e recursos que poidan facilitar ós cidadáns os seus trámites, e que ademais poidan estar informados axeitadamente da vida municipal. Tamén para dar a coñecer o patrimonio co que conta o Concello e con información detallada de cada lugar para aqueles que nos visitan. Por suposto dunha forma doada, visible e cun rápido acceso. Para elo a finais da anterior lexislatura se creou a actual páxina, así coma unha Aplicación para Móviles da que cómpre dicir e sinalar que é para facilitar servizos os nosos conveciños e conveciñas e non para publicitarse politicamente coa xa se fixo. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Grazas. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

**O sr. Fírvida toma a palabra:** O Grupo de Goberno vai a votar a favor desta moción, de feito xa tivemos varias reunións coa empresa encarga de facer esta páxina web para intentar modificala, o que acontece é que, temos que lembralo e é así, queremos gastar o menor diñeiro posible, porque



queremos aproveitar a estrutura, porque se cambiásemos a estrutura de toda a páxina web, sería como confeccionar unha páxina web de novo e sairía moi cara, entón intentamos mantendo a propia estrutura que ten agora a páxina web, modificar os enlaces, modificala esteticamente, e modificar por suposto toda a información que contén. Falando nestas reunións que tivemos con esta empresa Redegal, non se vai facer a gusto de todo o mundo, porque nisto pasa como en moitas cousas, os gustos das persoas varían e a páxina web é algo que subxectivo, eu entendo que ten que ter acceso á veciñanza dunha forma fácil a toda a administración, a todos a documentación administrativa, toda a información do Concello, tamén turística para poder acceder a todos os puntos de interese do Concello, das parroquias, dos lugares, das fontes, de todo o que se propón na moción, pero vamos a ver como plasmamos isto na realidade, porque non é tan doado e sobre todo como digo sen modificar a estrutura, modificar dentro do que son os enlaces, e facelo máis visible, máis atractivo, pero sempre mantendo a estrutura actual, porque consideramos que non é necesario crear unha páxina web de novo, en todo caso consideramos que a moción está correcta e vamos a traballar en modificala.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Simplemente dicir que nós non queremos que se cree unha páxina nova, simplemente que se estructure o Concello como verdadeiramente é, coas súas parroquias, os seus lugares, e co que existe en cada lugar, para que non haxa lugar a equívocos. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Fina Varelas, moitas grazas. Manuel, nada.

**O sr. Fírvida:** Vamos a intentar que teña acceso a todos os puntos de interese do Concello, e tamén vamos a intentar que a través desta páxina web todas as dependencias municipais que están distribuídas en diferentes edificios, poidan acceder a documentación compartida cunha intranet, ou un disco duro na rede, de maneira que tanto o Centro empresarial transfronteirizo, como o pavillón de deportes, como espazo infantil, Casa da cultura, poidan acceder á documentación en tempo real, e compartir esa documentación que vai facilitar moito a tramitación administrativa, e asegurarnos de cuestións básicas, como poden ser prazos cando solicitamos por exemplo unha subvención, que non hai ás veces, por non haber unha intranet, e non haber unha comunicación instantánea nas diferentes dependencias pode levar a que haxa ás veces certos apuros aquí a día de comunicacións e de información, vamos a intentar que funcione tamén iso.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “

**Moción do Grupo Mixto para mellorar a páxina web do Concello: 1-Reestruturar a páxina do**



Concello para que sexa máis fácil o acceso a Barbadás en profundidade. 2-Dividir na páxina do Concello en parroquias e estas nos lugares que forman parte delas. Así por exemplo San Lourenzo de Piñor ten que estar dividido en : A Parada, San Uxía, Requeixo, Godexás, Roma, A Pipileira, As Quintas, A Chaira, A Barxa, Barro do Hospital, San Bieito. Núcleos de poboación xa consolidados pertencentes á parroquia, e así en todas as parroquias do Concello, co que contribuiremos a dar unha información máis estruturada de acordo cos nomes de cada lugar. 3-Ampliar a información sobre as nosas parroquias e aldeas contribuindo con elo a que sexa unha ferramenta útil para todas aquelas persoas que por uns motivos ou outros decidan que queren vir a vivir ó noso Concello”

### 15- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA A CREACIÓN DUN “TALLER DE ENCONTRO PARA ELES”

**O sr. Padrón toma a palabra:** Traemos aquí outra iniciativa, para que o Pleno a considere e se ten a ben aprobala. Considerando o constante avellentamento da poboación unido á falla de alternativas no rural, fai que as familias con este tipo de problemática, se vexan abocadas a un constante retiro nos seus fogares. Por unha banda, os coidadores e coidadoras non dispoñen de tempo para poder desafogar o día a día e por outra, estas persoas están forzados á reclusión no fogar, sen poder socializar cos seus veciños e veciñas e amigos e amigas. O que se pretende con esta actividade é potenciar e mellorar as relacións interpersoais destas persoas e ao mesmo tempo liberar carga aos seus coidadores, fillos ou sobriños. Promover sobre todo a comunicación e as relacións dunha xeración que vai quedando no esquecemento. Presentamos os seguintes acordos para que se debatan e se procede se aproben no Pleno. Primeiro, instar ao Goberno a executar un plan para realizar esta actividade poñendo persoal para realizala nos locais sociais de cada parroquia do Concello. Segundo, poñerse en contacto cas asociacións de veciños de cada parroquia para elaborar un listado de persoas que a soliciten e os recursos que aquelas poidan aportar. A temporalidade do servizo serían 2 ou 3 días por semana, dúas horas cada día nas distintas parroquias do Concello. Para explicalo un pouco máis todos sabedes que existe moita xente nos pobos que van sendo moi maiores, e os seus fillos ou sobriños, xa non os sacan a que se vexan con outros amigos deles da infancia, de toda a vida, entón pasan semanas e semanas na casa, entón isto é un pouco para facilitar que haxa ese encontro entre eles, porque así pódenos levar ó local social e pode estar alí unha persoa un par de horas e poden falar das súas cousas, sempre xente que non necesite coidado, estamos falando diso, porque elles moi difícil sacalos da súa casa e levalos



a casa da outra veciña, porque ó mellor ten escaleiras e suponlle moito problema. É simplemente unha iniciativa nese sentido.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Eu estou de acordo coa moción só que lle pregunto a Padrón que persoal vai mandar o Concello, ou quen vostede pensa que pode mandar, claro aquí levamos todo o rato dicindo que non temos persoal, que non hai persoal, pois é unha das preguntas que lle fago. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

**O sr. González toma a palabra:** Moitas grazas. Estamos de acordo coa moción, e a nosa achega vai na liña de Democracia Ourensana, pedirámoslle concretar máis, nós pensabamos se sería conveniente ó mellor dotalo de medios, un vehículo, un condutor, e un xerocultor, ou un monitor de tempo libre, e ademais non aumentado non só ás parroquias, senón darlle tamén servizo os pobos que dispoñan de local para telos. Fóra diso estamos plenamente de acordo coa moción, parécenos moi interesante.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Ben, dicir que dende o equipo de goberno que en principio a idea dun taller para encontro para eles, pois en principio pode ser unha idea que resulta interesante, evidentemente como día a moción iría encamiñada a mellorar moitas destas situacións, inxustas evidentemente ou non acaecidas ca xente maior que non se mantén pois evidentemente un contacto directo e diario ca veciñanza, e que deste xeito pois podería si facelo. E xa digo, que entenderíamos efectivamente desde as asociacións veciñais pois se organizasen xornadas deste tipo, con unha periodicidade que estimaran oportuno, evidentemente os locais sociais están aí para uso e disfrute da veciñanza e tamén para este colectivo de xente de idade avanzada, que non poden, na que porían evidentemente neste tipo de xornadas, pór en común as súas vivencias, e facer unha vida social que evidentemente non teñen na actualidade. Pero o que si non acabamos de ver, e que se nos pida que efectivamente dende o Concello, executemos un plan neste sentido, porque dende logo entendemos efectivamente como pór en marcha un Centro de Día encuberto, xa que habería que efectivamente dispor de persoal especializado, que hoxe por hoxe non temos para estas atencións, e evidentemente é un dos obxectivos deste goberno é do de materializar este centro de día ao longo da lexislatura, infraestruturas como estas, teñen en moitos concellos deste país, aínda con menor poboación, e evidentemente na xestión no traballo diario estamos mirando para adiante como non pode ser doutro xeito, pero como dixen noutras ocasións estamos no presente que nos deixou o Partido Popular logo de ducias de anos de desidias nesta e noutras materias, porque se houbera un centro de día hoxe non



habería que vir con este tipo de proposta, nin compromiso, nin “Rita la cantaora”. Apuntar que efectivamente neste sentido temos pois en marcha uns talleres de Memoria en varias parroquias do Concello, con bastante aceptación social, e que contribúen en certa medida pois tamén a estes fins. Nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, o noso cometido é traer iniciativas que se poidan elaborar que sexan realistas, polo tanto e respondéndolle a Democracia Ourensana e ó Partido Popular, traemos unha iniciativa dunha demanda veciñal que existe para que o Concello en canto poida, poida poñer persoal para poder facelo, téñaa enriba da mesa e antes de irse a outras cousas saiba que hai isto enriba da mesa. E logo isto ten que ser nas parroquias, non podemos ir pobo por pobo, sexamos realistas. En principio terán que ser os propios familiares porque así o expuxeron cando nos propuxeron esta iniciativa, propuxéronos que serían eles os que levarían ós seus pais, ós locais sociais, nin piden un vehículo, nin piden nada diso. E de levalo á parroquia, por exemplo Piñor, virían os de Parada, virían os de Santa Uxía, e virían todos os núcleos que conforman Piñor. E nada máis, unha iniciativa nese sentido.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Padrón non o entendo, descúlpeme non o entendo, vostede di que serían os seu pais os que levarían á xente ós centros, ou que o Concello poña persoas para levalos.

**O sr. Padrón toma a palabra:** O Concello só ten que poñer o persoal para estar no local social con esa xente, que estarán falando entre eles ou xogando ás cartas, ou mirándose uns ós outros, vale, ten que estar unha persoa alí, polo menos para que os estea vixiando esas dúas horas, e o seu fillo, ou o seu sobriño, ou o seu neto, pois poida ir a súa casa a facer as súas labores e eles están socializando cos amigos. Está entendido agora.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

**O sr. González toma a palabra:** Nada dicirlle ó señor Serafín que o centro de día é outra cousa, e aproveitar a Don Ramón para que lle explique cal era o proxecto, porque efectivamente o centro de día é outro máis ambicioso,. En canto ó outro tema dicirlle que vive no pasado, con ese tipo de excusas non van facer nada en catro anos, como non están facendo agora nada, igual que estamos en novembro e están os orzamentos aínda se presentar, pero esa é outra historia para despois. E por último agradecerlle que valores os talleres de memoria. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Señor Serafín Núñez





**O sr. Núñez toma a palabra:** Volvo a reiterar un pouco o que comentei na intervención. Dicar que a proposta nos pode parecer interesante evidentemente habería que contar con persoal debidamente preparado para este tipo de actuacións, algo que hoxe non temos enriba da mesa, habería que contar con xericultores, con monitores de tempo libre que iso poderíamos ter pero habería que ter persoal perfectamente preparado para facer unha actividade con tódalas garantías coa xente da terceira idade evidentemente e algo que hoxe pois non estamos en disposición, entón pois pensar que pode ser unha actividade interesante pero para plantexar no futuro e si que efectivamente dicirlle ó Partido Popular que si efectivamente o centro de día si evidentemente houbera o centro de día aínda que é unha cousa evidentemente moito máis ambiciosa este tipo de cuestións estarían resoltas, o que pasa é que é algo que vostedes, centro de día, noutro tipo de cuestións, véxase centros de ensino, véxase, non vamos a relatar, sempre miraron evidentemente para outro lado, e así temos os servizos que temos neste Concello.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Votos a favor da moción, abstencións.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PP, DO e Grupo Mixto e as abstencións do PSdeG-PSOE e BNG o seguinte acordo: “ **Moción do Grupo Mixto para a creación dun Taller de encontro para eles: 1- Instar ao Goberno a executar un plan para realizar esta actividade poñendo persoal para realizala nos locais sociais de cada parroquia do Concello. 2- Poñerse en contacto cas asociacións de veciños de cada parroquia para elaborar un listado de persoas que a soliciten e os recursos que aquelas poidan aportar. 3- A temporalidade do servizo serían 2 ou 3 días por semana, dúas horas cada día nas distintas parroquias do Concello.**”

### 16- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE DIVERSAS ACTUACIÓNS NO RURAL

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Queda unha moción do Grupo Mixto sobre diversas actuacións no rural. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, outra moción sobre o que nos están pedindo os veciños tódolos días. Facéndonos eco das demandas nas que de forma reiterada insisten as veciñas e veciños do Concello, sobre todo no rural e que comprobamos que a día de hoxe non están resoltas e moitas delas perduran no tempo, anos e anos. Presentamos os seguintes acordos para que se debatan e se é pertinente. Estas son actuacións que presentamos hoxe, nós faremos o noso informe que lle daremos á Concelleira ou Concelleiro de turno e faremos un seguimento durante os catro anos, son cousas que



demanda todos os veciños do Concello, porque téñenas diante da casa todos os días. Actuacións do Concello en fontes e lavadoiros: Inventariado e información na páxina web do Concello, Limpeza e acondicionamento con regularidade, recuperación de mananciais, análise das augas e sinalización sobre a potabilidade ou non, así como a publicación na páxina web do Concello das analíticas. Segundo, Actuacións do Concello na sinalización viaria, e nisto presentámoslle ós grupos na Comisión Informativa un exemplo do que traemos aquí, con fotos; substitución dos carteis de entrada no Concello polo seu estado de deterioro por outros claros e sinxelos, e aquí quero recordar que antes de que se acometa outro gasto como foi este que foi impresionante, seguramente dera para dúas persoas que era a moción que traía antes do taller para eles, para persoas maiores. engadir na sinalización de pobos e lugares o nomeamento da parroquia á que pertencen, importantísimo. colocación dun panel informativo dixital de dimensións suficientes na entrada de A Valenzá no que se dea información de todo tipo referente ao Concello, para nós iso é importantes, xa existe noutros Concellos de Galicia e sería un xeito de que todo o mundo estivera vendo información do Concello a tódalas horas, ademais de darnos unha imaxe de modernidade, e non os letreiros que existen hoxe á entrada do Concello que dan pena. E por último, isto tamén é unha reiterado de fai moitos anos a ver se se soluciona nestes catro anos, Solicitud urxente ás empresas subministradoras de electricidade, telefonía e internet:, e aí tedes unha foto. Reforzar as liñas onde existen problemas de tensión; Completar tramos onde non existe alumeadado público; Retirada de posteados que represente un perigo para a circulación, e por último, colocación de torretas ou solución definitiva para a recepción de internet en lugares onde carecen deste servizo dentro do Concello. Grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Democracia Ourensana está de acordo en todo o que explica aquí Compromiso para Barbadás, hai que modernizarse, hai que arranxar as cousas que están mal, e estamos completamente de acordo en todos os puntos que el expón.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Fina Varelas. Te a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

**O sr. Fernández toma a palabra:** A ver, Ramón dígocho de verdade con todo o cariño e en positivo, pero recoméndocho unha vez máis, traedes hoxe unha batería de propostas, que si ben moitas delas dende logo me parecen moi correctas, e si que estamos de acordo por separado podíámolas estudar en máis profundidade e manifestarnos dun mellor xeito. Que votamos a unha si a outras non, unhas parécenos máis axeitadas cas outras. Ademais, facilitaríalle a labor ó goberno e os concelleiros



responsables e na súa execución ou tramitación, que é o que se pretende ó final cando traemos algunha proposta ó Pleno, que se poidan mellorar os servizos ós cidadáns. Entende que nos vamos a abster porque como votamos todo isto de verdade. Grazas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra a señora Victoria Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Moitas grazas. Moitas das propostas que presenta Ramón Padrón están executándose ou en vías de solución. O inventario de fontes xa existe, e en Viaqua vai facer análises periódicas da auga, aínda que hai que ter en conta que non se pode colocar o cartel de auga potable porque cando se trata do líquido elemento procedente de mananciais non está garantida a súa salubridade, ó non estar clorada. Este inventario de fontes se incorporará as melloras que fagamos na páxina web. A limpeza destas fontes faise anualmente e con máis regularidade nos casos nos que é preciso e incluso se realizan limpeza integrais, é dicir, da mina ou do manancial onde nace a auga. Hai fontes como é por exemplo a de A Valenzá que se limpa dúas veces ó ano, son fontes moi utilizadas, refírome á fonte de A Valenzá vella. E sobre a retirada dos carteis situados ó inicio dos pobos e os de situación xa foron retirados (un total de 13). Moitos deles atopábanse estamos de acordo con vostede, nun estado de deterioro evidente. A substitución por outros novos farase en función da dispoñibilidade económica, pero vaise facer. A proposta que fai Ramón Padrón de engadir na sinalización de pobos e lugares o nome da parroquia tamén se fará na medida do posible, isto xa é un pouco máis complicado, aínda que hai cuestións máis urxentes que están pendentes dende hai meses como é a actualización do rueiro, co nome de rúas e cambio de números, uns deberes que nos deixaron os nosos compañeiros do Partido Popular e que nós trataremos de levar a cabo. Acerca da colocación dun panel dixital dicir que esta é unha solución que podería ser interesante, pero teremos que analizar se é posible afrontar o custo que supón instalalo. Reforzar as liñas onde existen problemas de tensión: estanse analizando e localizando os puntos onde existe este problema de forza e acometerase unha substitución de cable. Un dos lugares onde se está traballando é en Parada. Tamén hai problemas en Bentraces, na zona da Hermida e foi solventado recentemente unha situación similar en Sobrado, é dicir unha substitución de cable para que teña máis potencia e chegue a tensión, a enerxía ó alumeadado público con máis intensidade, e sobre a instalación de alumeadado público nos lugares onde non existe, dicir que está elaborado un plan de actuación que se irá acometendo nos vindeiros meses en base a parámetros como a poboación á que afecta, ano de petición desta mellora, tránsito de persoas e vehículos ós que beneficia, algunhas delas xa se fixeron como foi o caso aquí en Os Fornos. O retranqueo de postes situados invadindo a calzada, no medio dunha beirarrúa ou entorpecendo o paso



de persoas, carriños ou cadeiras de rodas estase analizando. Xa están localizados os postes nos que é máis urxente acometer o retranqueo e farase en función dos parámetros mencionados, un deles e dos que o señor Ramón Padrón achega foto aí na rúa Ribadulla en Parada que é un os postes que se está analizando xa retranquear, Soutiño, eu teño entendido que é a rúa Ribadulla, Souto vello é outro camiño, pero, non vamos a entrar en debates, sabemos de que poste estamos falando que é o da fotografía, ese poste é o que máis en medio está da calzada de todo o Concello, estamos de acordo niso, por iso foi un dos primeiros sitios ós que fomos e vaise mellorar e de feito hai que cambiar o poste de lugar e para iso vámoslle pedir a colaboración dalgún veciño do pobo que coñece vostede moi ben, esperemos que colabore, porque este retranqueo vai ser moi complicado, visto que Fenosa non colabora no retranqueo porque supón un custe para a empresa e a empresa non o quere asumir, entón este retranqueo vámolos facer con cargo ó Concello, a medios do Concello. A recepción de Internet, xa por último, está sendo mellorada en todo o concello coa substitución do sistema tradicional por fibra óptica e seguiremos traballando de canalizar as peticións que nos van chegando, recentemente fixemos unha canalización da petición aos veciños do pobo de Barxa que querían unha mellora na chegada de internet e seguiremos tramitando as queixas dos veciños na medida das nosas posibilidades.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, eu para reponderlle con cariño tamén o señor Manuel, isto son cousas que di un veciño nun minuto solta en requitilla estas cousas todas, entón eu non vou perder aquí cada mes traer unha cousiña destas de moción. Xa digo nós faremos un informe sobre isto para axudar ó Goberno, ensinarmoslle onde están os puntos, porque isto son cousas concretas. O das fontes simplemente é para descartar materiais pesados, nada máis que para iso, e despois que hai un problema que a xente ven buscar auga ás fontes preguntas se é potable ou non, e non sabemos o que dicirlle, entón pois digámoslle que a analice cada un polo seu lado e punto, era simplemente para que se descarte a presenza de materiais pesados. E logo o da sinalización viaria, eu, aquí dicimos que substitúan os carteis, pero por favor que se substitúan por uns carteis baratos, claros e sinxelos, non por a ostentación que se fixo aí, porque iso vale, volvemos aquí co diñeiro que se gastou aquí seguramente daría para o panel dixital e teríamos moitísima máis información, e teríamos outra imaxe. E o da parroquia cae de caixón, cando se vaian substituíndo carteis, ir colocando iso, aquí ninguén está falando de que isto haxa que facelo nun mes, pero en catro anos, hai tempo pero o asunto e que cando se vaia facendo se faga ben en consonancia como teñen que facerse as cousas ben feitas. E logo sabe



que hai sitios onde non se recibe internet, nin vía móbil, nin wifi, nin nada diso, entón hai que poñerse en contacto coas empresas subministradoras e lerlles a cartilla e estar tódolos días enriba deles, nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas. Ten a palabra a señora Fina Varelas

**A sra. Varelas toma a palabra:** Eu non teño nada máis que dicir que o que dixen antes, estamos completamente de acordo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señor Manuel, nada. Señora Morenza.

**A sra. Morenza toma a palabra:** Só matizar que estamos en permanente contacto coa empresa subministradora eléctrica e coa empresa de telefonía, pero xa lle digo que as empresas son remisas a investir por exemplo en iluminación, en retranqueos Fenosa non é partidaria de retranquear postes da luz, e Movistar non é partidaria de levar a fibra óptica aos lugares que nos gustaría a nós, pero seguirémolo intentando.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitísimas grazas, votos a favor, abstencións.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, DO e Grupo Mixto e as abstencións de PP o seguinte acordo: **“Moción do Grupo Mixto sobre diversas actuacións no rural: 1-Actuacións do Concello en fontes e lavadoiros: a-Inventariado e información na páxina web do Concello, b-Limpeza e acondicionamento con regularidade, c-recuperación de manatiais, d-análise das augas e sinalización sobre a potabilidade ou non, así como a publicación na páxina web do Concello das analíticas. 2-Actuacións do Concello na sinalización viaria, a-substitución dos carteis de entrada no Concello polo seu estado de deterioro por outros claros e sinxelos, b- engadir na sinalización de pobos e lugares o nomeamento da parroquia á que pertencen, d-colocación dun panel informativo dixital de dimensións suficientes na entrada de A Valenzá no que se dea información de todo tipo referente ao Concello. 3-Solicitud urxente ás empresas subministradoras de electricidade, telefonía e internet, a-Reforzar as liñas onde existen problemas de tensión; b-Completar tramos onde non existe alumeadado público; c-Retirada de posteo que represente un perigo para a circulación, d-colocación de torretas ou solución definitiva para a recepción de internet en lugares onde carecen deste servizo dentro do Concello.**

**17.- MOCIÓN A PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA E DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO.**



**O sr. Alcalde toma a palabra:** O seguinte punto da orde do día é a moción a prol da ampliación da acreditación por violencia machista e da creación do estatuto do feminicidio presentado polo Bloque Nacionalista, ten a palabra a súa voceira Anxela.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Violencia machista é un dos problemas máis graves que ten que enfrentar a nosa sociedade. Nas últimas décadas, a violencia contra as mulleres ten deixado de ser un asunto invisíbel grazas ao constante e incansabel traballo dos movementos de mulleres.

A loita contra a violencia de xénero deber ser unha prioridade política para todos os espazos da actividade política e froito do traballo para que isto así sexa están vixentes a Lei Orgánica 1/2014, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Despois de anos de aplicación, insuficiente en moitos casos por limitación de recursos e orzamentos, a violencia machista segue presente na nosa sociedade. Por iso, cómpre avanzar e darnos pasos adiante que melloren os marcos legais e realizar un labor preventivo e educativo maior.

Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galicia a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio.

Introducir, así mesmo na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da



propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei.

Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do Concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei Galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o Estatuto de protección das vítimas do Feminicidio.

Finalmente, instar á Xunta de Galicia a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei Galega 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

2.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia e ao do Goberno do Estado.

**A sra. Ánxela toma a palabra (BNG):** Ben, a violencia machista é un problema estrutural da nosa sociedade. No que vai de ano nove mulleres galegas foron asasinadas a mans de homes. Vivimos un verán e un outono no que cada día nos enteramos dun asasinato machista e temos que ter claro que a violencia de xénero exerce sobre as mulleres polo feito de ser mulleres, solo por ese feito, e que iso é o feminicidio. E o feminicidio é o resultado dunha orde social patriarcal e machista que descansa nunhas bases ideolóxicas que implican desprezo e odio cara as mulleres porque eles senten que teñen o dereito de rematar coas súas vidas ou polo suposición de propiedade. O feminicidio é a expresión extrema de esa violencia contra as mulleres, contra as mulleres e contra as nenas, e representa un terror continuo, humillación, desprezo, hostigamento, maltrato moral e físico, violencia sexual, abandono. O feminicidio amosa que a violencia contra as mulleres é social e xeneralizada, e é o resultado da desigualdade de xénero e xérase nun contexto social permisible coa violencia, con esa violencia. Durante anos, durante séculos o violencia contra as mulleres foi silenciada, non existían palabras, nin termos, nin categorías lingüísticas, nin sociais, ou xurídicas ou filosóficas para nomealas ou para describirlas. Foron os movementos feministas, foron as mulleres feministas as que traballaron arreo para lle pór nome, para describirlas e para sacala do ámbito doméstico e persoal. Foron as mulleres feministas as que conseguiron que no ano 2004, se lexislase, se establecesen as primeiras medidas de protección integral contra a violencia de xénero. No ano 2007 a Lei Galega incluíu a violencia económica, psicolóxica, o ámbito do acoso sexual, a trata de mulleres e nenas, e houbo unha





ampliación do termo de violencia de xénero. A pesar destas leis entre o ano 2007 e 2015, máis de un millón de mulleres no Estado Español presentaron unha denuncia, esta cifra é moito menor das que en realidade son maltratadas, porque moitas non denuncian por medo, por dúbidas, por sentimento de culpa ou mesmo por vergoña, pola vergoña que lle impide recoñecelo. Témonos que preguntar como sociedade que está acontecendo. Os machismos seguen no día a día das mulleres, hai que facer unha labor de prevención e unha labor educativa. Desde o Bloque Nacionalista Galego, consideramos que é necesario revisar as leis e poñerlle nome ao que está acontecendo. Non é de recibo ler titulares de prensa, nos que se diga “una mujer muere” cando en realidade é “unha muller foi asasinada”, non é de recibo seguir escoitando e escribindo “violencia de xénero” cando en realidade se chama “feminicidio”. O termo feminicidio ten unha dimensión política en tanto que presenten asasinato e morte das mulleres, como un dos ataques máis graves contra os dereitos humanos, a súa integridade moral e liberdade, e por outra ten unha dimensión social, que sinala os factores de discriminación social, que conflúen nas mulleres converténdooas en especialmente vulnerables dos ataques contra a súa propia vida. Ante a gravidade e a magnitude do problema consideramos necesario a inclusión do termo feminicidio como forma de terror propio que sofren as mulleres só por cuestión de xénero, e que sirva de base para a elaboración dun estatuto da vítima do feminicidio. Consideramos que a resposta, ata o de agora fundamentalmente penal é insuficiente polo que se debe incidir na dimensión social do problema e nos mecanismos que a nivel económico, ecolóxicos e social, poden acompañar a unha muller que sofre violencia machista, por todo isto presentamos esta moción, e presentámola para instar a Xunta de Galiza para que traslade ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo na mesma o termo Feminicidio, e introducir así mesmo na citada modificación a acreditación de situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, e iniciar os traballos para modificar tamén a Lei Galega 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, e finalmente instar a Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na lei. Leín incompletos os acordos porque xa os tendes cada un dos grupos e para non alargarme moito máis. Ademais disto quero introducir in voche unha engádegua, sabedes que nos últimos días morreron máis mulleres, ademais cando se presentou unha denuncia contra, entregouse esta moción cando se presentou unha denuncia contra o máximo representante da Deputación por un presunto delito de acoso sexual, que está tipificado na Lei Galega de violencia de xénero como unha das formas da



violencia de xénero, polo que considero imprescindible formular unha emenda in voche para que este Pleno reprobe ao Presidente da Deputación e pida a súa dimisión inmediata.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Intervencións, señor Ramón Padrón

**O sr. Padrón toma a palabra:** Sí, dende Compromiso subscribimos a moción que se nos presenta aquí.

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, señora Fina Varelas

**A Sra. Varelas toma a palabra:** A moción está ben, temos que a violencia machista está fora de lugar nestas épocas, penso que moito pódeno facer os país na casa, ca educación que se lle dá aos fillos, e paréceme unha moción axeitada porque estes días, entre onte e hoxe, en tres días xa van catro persoas mortas, catro mulleres, eu non lle chamo mulleres, persoas porque somos persoas, a moción está axeitada, agora facer aquí, xulgar a unha persoa que aínda non está demostrado se fixo ou non fixo, está fora de lugar, e penso que hai qué remitirnos á moción e deixarnos da Deputación que eses son outros cantares, e iso tócalle a outras persoas, grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

**A Sra. Vispo toma a palabra:** Señora Fina Varelas, comparto as súas palabras eu non son xuíz nin o grupo Popular somos xuíces para dar unha sentenza dunha persoa é un tema particular, e o vamos a deixar aí, non é a institución adecuada, estamos no Concello de Barbadás e o que incumbe ás persoas do Concello de Barbadás é o que vimos a defender, non da administración pública neste momento da Deputación, voume cinguir a súa moción.

Estatuto da vítima de feminicidio, a palabra feminicidio non está rexistrada no dicionario da Real Academia Española, nin na Real Academia Galega, é unha reivindicación das asociacións feministas latinoamericanas da que se fixeron eco as asociacións feministas españolas. As dúas últimas leis aprobadas con este termo son unha en México e outra en Colombia. O Feminicidio é un termo que xurdiu da tradución do concepto o inglés femicide, o cal se refire ao homicidio evitable de mulleres por cuestión vinculadas estritamente ao xénero, como ben dixo vostede. O concepto de feminicidio propón incluír non soamente aqueles casos que teñen que ver coa violencia física, que normalmente sofren as mulleres por parte das súas parellas senón tamén todas aquelas outras cuestións que atentan contra a moral e a saúde das mulleres e que non teñen nada que ver coa violencia, como por exemplo pode ser a falta ou a deficiente asistencia médica para atender problemas sanitarios tipicamente femininos, ou que derivan no aumento da mortalidade das mulleres. Consideramos que a definición da violencia de xénero queda perfectamente recollida na lei estatal como na lei autonómica. Así na Lei



11/2007 do 27 de xullo, galega para prevención e ou tratamento integral da violencia de xénero: “ Enténdese por violencia de xénero calquera acto violento ou agresión baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións, de denominacións dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou privada”. E pola súa parte a Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, dispón “que a presente Lei ten por obxecto actuar contra a violencia que como manifestación da discriminación a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exércese sobre estes por parte de que sexan ou foran os seus cónxuxes ou de quen estean ou estiveran ligados a elas por relacións similares de afectividade aínda sen convivencia”. No relativo ao Estatuto de protección das vítimas de violencia de xénero, deberían saber que no mes de abril do presente ano aprobouse a Lei 4/2015 de 27 de abril do Estatuto da vítima do delito, publicada no BOE de 28 de abril de 2015, cuxa entrada en vigor está prevista, xa foi, para o 28 de outubro de 2015. Esta Lei introduce, entre outras, as seguintes previsións que afectan ás vítimas de violencia de xénero: As vítimas de violencia de xénero ven ampliada a súa asistencia e protección con un catálogo xeral de dereitos, procesuais e extraprocenais, da vítima. O cónxuxe da vítima directa do delito (ou a persoa que estivese unida a ela por unha relación análoga de afectividade), non terán a consideración de vítima indirecta do delito cando se trate do responsable dos feitos. Garante ás vítimas de violencia de xénero a notificación de determinadas resolucións sen necesidade de que o soliciten, de maneira que estean informadas da situación penitenciaria do inculpado ou condenado. Visibiliza como vítimas aos menores que se atopan nun contorno de violencia de xénero, para garantirles o acceso aos servizos de asistencia e apoio, así como a adopción de medidas de protección, co obxectivo de facilitar a súa recuperación integral. As vítimas de violencia de xénero poden participar na execución xudicial, a través da interposición de recurso contra determinadas resolucións xudiciais ( autos de beneficios penitenciarios, de permisos ou de liberdade condicional, entre outros). E seguiría así, non vou a ler todo o Estatuto, senón, pero quero dicir con isto que veñen ao carro, xa está feito, ¿vale?, xa está feito, entón como xa dixen antes, non vou a entrar noutro tema, que vostedes querían tráelo hoxe aquí, e creo que non é o lugar, nin somos xuíces para facer o que vostede está dicindo, o Partido Popular rexéitao.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, moitas grazas, ten a palabra a señora Ánxela González



**A sra. González toma a palabra:** Ben, varias cousas, con respecto a palabra o termo “feminicidio” efectivamente é un termo controvertido, desde o momento en que sae efectivamente dixo a señora Chelo, se estivo documentando, á luz efectivamente en América Latina e agora as mulleres feministas do Estado Español, e Galegas pois apostan por este termo porque define correctisimamente o que é en si o feminicidio, o asasinato de mulleres polo único feito de ser mulleres, senón se lle poñen nome as cousas, as cousas non existen, é necesario poñerlle nome. Eu xa sei que neste Pleno de Barbadás, vai a ser moi lento todo, o avance, sen embargo observei que desde o ano 2008, no que eu entrei nesta Corporación ata hoxe conseguín por parte da maior parte destes Concelleiros e Concelleiras que se empregase maioritariamente a linguaxe non sexista, mesmo o exalcalde de Barbadás con todas esas reticencias que manifestaba nun principio chegou a dicir concelleiros e concelleiras como hoxe a maior parte de todos e todas os que estamos aquí neste Pleno, o cal aplaudo pero sei que é custoso dar pequenos cambios. O feminismo está moi por diante do Partido Popular, entón imos a dar eses pequenos cambios pois intentando pouco a pouco ir introducindo termos para que non se silencien e non se tersiverxen o que son as cousas relativas ós asasinatos da muller, e incluso ao feminismo no máis amplo sentido da palabra, iso por un lado, por outro lado non me esperaba menos do Partido Popular que rexeitaran a moción no momento en que se trae aquí o feito de que un cargo político da categoría do Presidente da Deputación Provincial de Ourense fose denunciado por unha muller que o acusa de obrigala, de obrigala non perdón, de vender favores sexuais a cambio dun posto de traballo, e esta persoa ademais, hai gravacións que eu creo que moitísima xente as escoitou, nas que parece claro, ou presuntamente parece claro, que cando menos, cando menos xogaba con notas e con postos de traballo, cando menos había certa intencionalidade, non me esperaba menos do Partido Popular, insisto. Ben ante iso eu non son unha xuíz señora Chelo, non o son, nin ninguén dos que estamos aquí o somos, polo tanto, pero somos políticos e representamos ao pobo, e eu concretamente son muller, vale, eu concretamente son muller, entón ante esta grave denuncia, e este presunto delito tipificado na lei de violencia de xénero e no que define acoso sexual, entre os delitos da violencia de xénero, acoso sexual, que inclúe aquelas condutas consistentes na solicitude de favores de natureza sexual para si ou para unha terceira persoa prevalecendo o suxeito activo dunha situación de superioridade laboral docente ou análoga, así co anuncio expreso e tácito á muller causante co relacionado coas expectativas que a vítima teña no ámbito da dita relación ou baixo a promesa dunha recompensa ou premio da mesma.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ánxela por favor



**A sra. González toma a palabra:** Ademais temos aquí tamén, o que firmou dona Chelo Vispo, polo tanto non esperaba outra cousa, delimitando este tipo de cousas a asuntos persoais, que é o mesmo que dicir que a violencia de xénero segue no ámbito doméstico e o mesmo que aprobar o dereito de pernada, non queren nin sequera debatelo

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ánxela por favor rematou. Ramón Padrón

**O sr. Padrón toma a palabra:** Nada, dicir que como dixemos antes subscribimos a moción, pero a moción que se nos presenta, o outro sería entrar noutro debate que tería outra votación a parte.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Señora Fina Varelas.

**A sr. Varelas toma a palabra:** Voume a rir, porque isto paréceme un chiste. Esta moción volvo a dicir que me parece ben, en canto loitar contra o maltrato das mulleres porque é triste que estea acontecendo pero aquí estamos derivando a outros temas, a miña pregunta e a miña dúbida é ¿non se presentaría está moción para derivalo neste tema? porque señora Ánxela vostede sabe que con vostede enténdome bastante ben, pero hoxe ten que perdoarme non na entendo, porque eu entendo o que vostede pon aquí e eu estaba a favor disto, e vendo polos camiños que vostede empezou a falar, voume abster porque sinceramente eu non son xuíz, nin avogado para acusar a ninguén, primeiro a esa persoa teñen que demostrar si é culpable ou non é culpable, non nos toca a nós, nin hai que Padrón vir aquí a votar se ese señor é culpable, é que non nos compete, vamos a ver nós temos moito porque traballar, moito que facer e non hai que debater nada da Deputación porque a nós non nos compete o que fixo ese señor ou deixou de facer, e competeralle á Deputación aos xuíces ou aos tribunais de Ourense. Entón hai moito polo que loitar, hai moito polo que traballar e cando se presente, pídivos a todos cando presentedes unha moción a presentedes de cara, non veñades por detrás con dobres finalidades, porque eu vou a falar por min e pola miña compañeira. Calquera moción que presentedes que non a vexa clara ou transparente con outra finalidade, voume abster en todas, presente quen as presente, porque a lóxica é unha, hai que entendelas e ver o que poñen os papeliños, nada máis, grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Non, xa se estendeu vostede o suficiente antes, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Queda moi claro a todos os cidadáns e cidadás de Barbadás, cal era o punto escuro desta moción, xa o sabíamos, eu non viña preparada porque como vostede sabe isto non é ningún xuízo a esa persoa, eu son muller se perfectamente o que teño que dicir e facer por ser muller, e ninguén me vai a coaccionar a dicir o que eu non quero dicir, neste momento é un tema



particular dunha persoa, o sigo dicindo, dunha administración que non nos compete, aos cidadáns de Barbadás, nin aos Concelleiros de Barbadás, por ser muller non me queira levar a seu terreo, eu esta moción trouxéaa e sabía vostede perfectamente que isto estaba aprobada, xa, ¿vale?, este Estatuto de feminicidio xa estaba e llo acabo de demostrar, o que pasa é que tiña un transfondo e o Partido Popular sabía cal era o transfondo, non vou a entrar nin vou a dicir nada máis desa persoa, diga vostede o que queira e é a súa palabra.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas, grazas, un minuto contado por alusións, ten a palabra Ánxela

**A sra. González toma a palabra:** Con respecto a Democracia Ourenzana dicirlle que efectivamente se piden responsabilidades políticas nunca penais, porque non somos xuíces, insisto, segundo dicir que na Deputación Democracia Ourenzana fixo esa reprobación, non sei porque na Deputación teñen un parecer e aquí outro diferente, terceiro dicirlle a Consuelo Vispo que é unha emenda in voce polo seguinte, no tempo déronse as circunstancias para que se metera in voce, porque eu meterá a miña moción do feminicidio e no tempo, a continuación foi cando pasou isto outro e eu como política, como muller, como galega e como política teño dereito a meter isto.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Computado o tempo, agora xa rematou, un minuto xusto, vostedes viron que eu estaba utilizando o teléfono, votos a favor

**A sra Vispo toma a palabra:** Isto é a Democracia do Concello de Barbadás e o sigo dicindo e que conste en acta.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Medio minuto, medio minuto, hai unha cousa que quero aclarar. Eu, presentada esta moción, nós estamos a favor desta moción, non estamos a favor desa emenda porque entón aquí emendaríamos a un montón de políticos de toda España, entón eu creo que ese é o razoamento, eu creo que senón estaríamos aquí reprobando en cada moción un personaxe que teña algo que ver con esa moción, pero que sea do resto do estado, sexa do tema feminista, sexa do tema de facenda pública, sexa de moitas cousas, entón iso eu creo que lle corresponde aos lugares onde esas persoas desempeñan a os seus cargos, neste caso á Deputación, ou como por exemplo Rodrigo Rato pois no Congreso, ou cando estaba ou tal, pois, senón aquí exemplos teríamos así.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Remate por favor, votos a favor da moción, con emenda, abstencións, votos en contra ningún polo tanto.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, e cas abstencións do PP, DO e Grupo Mixto o seguinte acordo: “ **Moción a prol da ampliación da acreditación por violencia machista e da creación do estatuto do feminicidio 1.- Instar á Xunta**



de Galicia a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Feminicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Feminicidio. Introducir, así mesmo na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do Concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se establezca regulamentariamente. Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei Galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Feminicidio e o Estatuto de protección das vítimas do Feminicidio.

Finalmente, instar á Xunta de Galicia a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei Galega 11/2007, do 27 de xullo para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día. 2.- Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galicia e ao do Goberno do Estado.

### **19.- MOCIÓN PARA MELLORAR A ATENCIÓN SANITARIA NOS CENTROS DE SAÚDE DA VALENZÁ E BARBADÁS.**

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moción do Grupo de Goberno para a mellora da atención sanitaria nos centros de saúde de A Valenzá e Barbadás. Ten a palabra o Concelleiro señor Serafín Núñez.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Desde hai anos a situación da atención sanitaria no Concello de Barbadás atópase nun estado moi precario, tanto no que atinxe a medios persoais como materiais.

A poboación do noso Concello medar ano tras ano, pero os servizos sanitarios quedaron durante moito tempo estancados, ó que hai que engadir a falla de previsión para construír un Centro de Saúde ben ubicado e dimensionado que poidera solventar para moitos anos todas as carencias existentes.





Agora non se trata de facer un relatorio de todas as promesas incumpridas, peripecias e incidentes que afectaron e aínda á atención sanitaria d@s nos@s conveciños e conveciñas. A intención do goberno municipal non é outra que a de tentar buscar solucións que se axusten ás necesidades reais.

Hai que sinalar que os datos son contundentes. Actualmente na Valenzá son atendidos 8.121 usuari@s. Todos os efectivos humanos que hai neste centro atenden con creces a cifra de 1.250 usuari@s que se consideran como o número axeitado para ofrecer unha atención médica de calidade.

Podemos afirmar sen temor a equivocarnos que os profesionais sanitarios da Valenzá son dos que na provincia de Ourense teñen un cupo máis alto de usuarios e usuarias.

Esta situación supón que o equipo sanitario do Centro de Saúde da Valenzá se vexa desbordado pola presenza de pacientes repercutindo esta situación directamente na calidade de vida da nosa veciñanza.

O obxectivo do grupo de goberno é instar a Xunta de Galicia a rematar dunha vez por todas con esta situación e para elo estamos dispostos a mellorar os medios materiais do actual Centro de Saúde, de xeito que poida habilitarse unha sala máis para poder ampliar a plantilla médica cun profesional adicional.

Desde o Goberno de Barbadás solicitamos que o Servizo Galego de Saúde facilite a incorporación dun nov@ médic@ no Centro de Saúde da Valenzá para prestar os seus servizos en xornada de tarde mellorando de este xeito de forma ostensible a atención ós usuarios e usuarias, xa que permitiría a redución de cartillas por efectivo.

No que atinxe o Centro de Saúde de Barbadás hai que sinalar que na actualidade non hai un servizo de enfermaría cun horario estable que poda asistir e axudar ao profesional médico que atende ós usuarios e usuarias. Esta situación tamén prexudica ós pacientes do centro da Valenzá xa que a enfermeira que atende en Barbadás tamén presta o seu servizo na Valenzá.

Desde o Goberno Municipal consideramos que esta situación é totalmente anómala e debe ser solventada a maior brevidade posible.

Por todo o exposto os Socialistas e os Nacionalistas de Barbadás solicitamos ao Pleno Municipal a aprobación das seguintes propostas:

- Solicitar ó Sergas a incorporación dun novo efectivo médico no Centro de Saúde da Valenzá para prestar os seus servizos en xornada de tarde.
- Instar ó Sergas a destinar unha enfermeira ó Centro de Saúde de Barbadás cun horario estable e continuado.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Hoxe os grupos políticos que conforman este Goberno Municipal, conformado polo PSOE e BNG, traemos a debate esta moción que pretende coa aprobación dos seus



acordos conseguir unha mellora nos servizos sanitarios que se ofertan dende o Centro de Saúde de Barbadás e de A Valenzá. Unha poboación en medre constante, que leva ducias de anos sendo atendida no centro de saúde de A Valenzá, permítanme naquel antigo almacén de patacas, reflicte o que para o PP de Barbadás, despois de 28 anos na alcaldía, reflicte repito moi as claras o interese que tiveron sempre pola sanidade pública neste Concello. Non quixera dende logo, volver a enumerar e non é dende logo o cometido desta moción, pois todas as peripecias, falsidades, promesas incumpridas, levadas a cabo polo Partido Popular, para calarlle a boca á cidadanía en vez de tentar buscar solucións aos problemas que xurdiron. Hoxe no Centro de Saúde de A Valenzá, como ben di a moción hai 8.121 usuarios, polo que a media de cartillas por facultativo excede dos 1.250 que se establece para unha atención axeitada. Hai algún facultativo que ronda os 1.800 usuarios, algo absolutamente fora de lugar. Polo que desde o Goberno de Barbadás con esta moción solicitamos ao Sergas a incorporación dun novo médico no Centro de Saúde de A Valenzá para prestar os seus servizos en xornada de tarde. Co que se pretende unha substancial redución de usuarios por facultativos para mellorar a situación actual. En relación a outro acordo que trae a moción, o acordo número dous, dicir que en relación co centro de Saúde de Barbadás, desde o mes de outubro o Sergas por mobilidade ven de cubrir unha praza de médico a xornada completa, no Centro de Saúde de Barbadás de 8:00 a 15:00 da tarde. Dicir que con anterioridade, este profesional o mantiñan a media xornada. Para o noso entender o que non segue sendo de recibo, é que dende o Sergas e así se lle manifestou en reunións que mantivo este Concelleiro coa Sra. Eloina Núñez ( Xerenta do Chou) e con Isabel Gómez (directora de Procesos Existenciais, en Ourense), no verán pasado, era que a enfermeira estivese só atendendo en Barbadás unha hora, das 8:00 ás 9:00 da mañá. Cando hoxe sabemos que o Sergas ten evidentemente orzamentado unha praza para Barbadás, pero na política de recortes e máis recortes do Partido Popular, fai que unha destas enfermeiras de A Valenzá suba unha hora a Barbadás. Por tanto deixa sen atender o seu traballo “abaixo” para mal atendelo “arriba”. Así é como aforra o Partido Popular, no que nunca deberase aforrar como poden ser neste temas da saúde, polo tanto o segundo acordo da moción vai nesta liña, que di que se insta ao Sergas a destinar unha enfermeira ao Centro de Saúde de Barbadás cun horario estable e continuado, nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a quenda de palabra o señor Ramón Padrón.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Estamos de acordo coa moción.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a quenda de palabra a señora Fina Varelas.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Estamos de acordo coa moción, pero insto ao goberno a que se entregue en tempo e forma, porque realmente eu son un pouco lenta e necesito o meu tempo para estudalas porque



non é cuestión de votar o tun tun, nin presentalas o ultimo día, porque o Padrón e eu a nós reprocháronos fai pouco precisamente por este motivo, entón a ver si empezamos a ser todos iguais aquí nesta sala, moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Un inciso, simplemente indicarlles que se presentou o xoves da semana pasada, antes das comisións e que era o que se acordou no seu momento, pedirlle desculpas, nós intentarémolo facelo con máis prontitude. Agradézolle a suxestión, ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

**O sr. González toma a palabra:** Foi unha pena que a presentaran con esa prása e esa urxencia, porque iso estaba pensado, e que lle facilitou os datos así o fixo, para presentala en conxunto por todo o Pleno e non colgarse medallañas, que son inútiles máis nestes tempos que canto máis forza faga o Pleno e máis unido sexan, máis forza teríamos porque é un tema que ten que resolver o Sergas. Pero fixérono así e como levan moitos anos demostrando que politizan estes temas, o problema é que despois quen a paga é a cidadanía non son vostedes. O Grupo de Goberno do PSOE e BNG, ven de introducir unha moción que é correcta pero é insuficiente a todas luces. Parécenos imprescindible neste tema manter unha postura unánime por parte de todos os grupos municipais, de aí presentabamos nos esa moción por urxencia, para que fora presentada para todos, non colgarse medallas nin o PP nin o PSOE nin ninguén. Doutro xeito corremos o resgo de politizalo de novo, xa que logo non é cuestión de colgarse as medallas de quen o leva senón que é cuestión de conseguilo, pois compete ao Sergas non ao Concello o de solucionalo, o Concello fai máis forza para conseguilo, se se adopta o acordo en conxunto. Temos o compromiso a día de hoxe garantido de que o día 1 de decembro vamos a contar por fin, despois de tantos anos, cun pediatra e unha enfermeira, pero non chega, cumpríanos solicitar ao Sergas un estudio de viabilidade de ofertar outra praza máis de médico e ats e incluílos nos presupostos da Xunta do ano que ven, de aí a urxencia de presentalo agora nestes días, antes de que venza o ano, cando se abra o novo centro, xa que é previsible que ofertar máis servizos a poboación xa que nestes intres aínda non teñen asignado médico na zona así o solicite. Falo disto porque hai uns dez mil e pico habitantes no Concello e sen embargo estamos a falar de 7.000 ou 8.000 tarxetas, quere dicir que temos dous mil e picos cidadáns, dous mil máis ou menos que están fóra do noso Concello recibindo servizos, iso é un tema que temos que darlle solución entre todos. Por iso é de esperar que unha vez que se melloren os servizos que acuda máis xente, e que se evite que o novo Centro empece xa cunha plantilla minguada. Unha vez conseguido isto, en boa medida so quedaría promocionar o tema entre os medios e deixando claro que se implicaron todos os Partidos Políticos de Barbadás sen fisuras, que era o que nos pretendíamos e era o que pretendía quen lles



pasou eses datos. Vostedes aproveitárono, politizárono e sesgárono como teñen por costume e veremos en queda. Conseguido será un feito histórico, mellorar as quendas de calidade de saúde do noso Concello, permitirá implementar programas como ecografía en atención primaria, seguimento de embarazos no noso Concello sin ter que depender de xinecoloxía, atención a perimenopausia, cirurxía no noso Concello sen ter que acudir a Ourense, un largo etc, en fin non os vou a aburrir, que a ninguén dos aquí presentes se lles escapa, que é mellorar a saúde deste Concello e dos nosos veciños, moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o señor Serafín Núñez.

**O sr. Núñez toma a palabra:** Vou a ser moi breve, eu creo que a portavoz de Democracia Ourensana, xa lle contestou o señor Alcalde, pero evidentemente foi unha moción rexistrada o pasado día 03 de novembro, que evidentemente pois tiveron noticia dela na Comisión Informativa, e ven evidentemente para o Pleno segundo os acordos plantexados no seu momento. Ben en relación co que di o Partido Popular, nos fala aquí de supostas medallas, mire nós non estamos aquí a colgarnos medallas nós estamos a esixirlle ao Sergas e de feito o estamos facendo, cando nos toca mover esa ficha, esixirlle ao Sergas que evidentemente preste uns servizos sanitarios acaecidos neste Concello, algo que vostedes claramente miraron sempre evidentemente para o outro lado neste tipo de cuestións, xa non quero reiterarme ao que falei no seu momento, pero vostedes sempre tiveron intereses creados noutro tipo de cuestións, en situar o Centro alí porque interesábame pola Farmacia, vostedes sempre se moveron por outro tipo de cuestións, ¿de acordo?. Evidentemente a cidadanía é que ten pagado a súa falta de xestión e a súa negligencia. Mire eu levo catro ou cinco meses neste Concello e xa me reunín varias veces con responsables sanitarios ao respecto na provincia, algo que non sei que faríao o señor Freire Couto con todo que era médico, durante 28 anos que estivo, que nos tivo nun almacén de patacas, e como nos ten na actualidade, iso era o sentido que lle daba el a Sanidade despois de ser médico, vergoña lle tiña que dar, como non está aquí retiro. Imos a ver, evidentemente fala dun acordo en conxunto, hoxe a moción que trae aquí o Grupo de Goberno, o PSOE e o BNG pode evidentemente e de feito se lanza e se pon enriba da mesa para que se aprobe se vostedes están a favor dunhas melloras sanitarias como pode ser que o Sergas favoreza as medidas sanitarias neste Concello, voten evidentemente a favor. Fala de que hai como dous mil usuarios atendidos fora do Concello, hoxe que lle quede claro que efectivamente vostede o sabe por a súa profesión, mellor ca min evidentemente, hoxe hai unha lexislación que permite que os usuarios escollan médico onde teñan a ben, e polo tanto non se lle pode obrigar a ninguén que este cun médico adscrito en determinado sitio, é dicir a xente ten esa liberdade, eu podo ter o meu médico de cabeceira en Celanova ou en Chandrexa de Queixa onde se o teño a ben, entón coma min pois o resto dos veciños, o



normal evidentemente pois é telo aquí, dicir que efectivamente a súa moción non prosperou e sen embargo vostedes no argumento, na réplica da nosa moción pois estou usando as valoracións que vostede trae na moción, pero, non pasa nada, pero quero dicir que se vostedes traen unha moción que retiran o malo é que teña autorizado a defendela e non neste momento, ¿de acordo?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ten a palabra o señor Ramón

**O sr. Padrón toma a palabra:** Xa dixen que estaba de acordo.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Eu tamén dixen que estaba de acordo coa moción.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Ten a quenda de palabra o señor Manuel.

**O sr. González toma a palabra:** Nada máis que recordar que todo o que se vaia a cubrir a partir do 1 de decembro do tema do pediatra, que si que é unha cousa moi interesante, nos grazas as xestións do señor Serafín e nada máis que engadir, pediatra e enfermeira, perdón.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, ¿votos a favor?

Sen máis sométese o asunto a votación resultando por unanimidade o seguinte acordo: **“Moción para mellorar a atención sanitaria nos centros de Saúde da Valenzá e Barbadás: Solicitar ó Sergas a incorporación dun novo efectivo médico no Centro de Saúde da Valenzá para prestar os seus servizos en xornada de tarde. Instar ó Sergas a destinar unha enfermeira ó Centro de Saúde de Barbadás cun horario estable e continuado.”**

### **18- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.**

Pola Presidencia dáse conta da Resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, queda enterada a Corporación.

### **19- ROGOS E PREGUNTAS.**

**O Sr. Alcalde toma a palabra:** Preguntas, rogos e preguntas corresponde agora, primeiro rogos.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Rapidamente, tres rogos, primeiro, pedimos ao Grupo de Goberno que articule unha campaña entre a veciñanza co fin de que moita xente que vive dende hai anos no Concello se empadroe aquí, segundo rogo pedimos ao Grupo de Goberno que execute no tempo máis breve posible a moción sobre a retirada da simboloxía franquista que a día de hoxe continua no seu sitio e que só fai falla contratar a un canteiro para que pique o escudo cunha buxarda, e terceiro punto, isto pensamos que xa estaba erradicado pero vemos que non, pedimos ao Grupo de Goberno que substitúa canto antes a marquesiña que colocaron no Hospital de Piñor, por ser obsoleta e chatarra, moita xente maior que colle o



autobús e que nos ten informado, pola mañá cedo cando aínda é de noite ten medo pola colocación da mesma, no sentido en que está colocada, xa que non ve á xente que ven pola beirarrúa do lado dereito, e carece o lugar de iluminación suficiente, nada máis.

**O sr. Firvida toma a palabra:** Brevemente sobre o empadroamento, totalmente de acordo, temos que facer unha campaña de empadroamento, falabamos de dez mil e pico persoas censadas, en realidade eu creo que estamos por enriba das 13.000 mil, creo que hai moitas máis. Retirada da simboloxía franquista, estamos pendentes dun informe positivo de patrimonio, que se leva na Deputación Provincial, porque non podemos retiralo porque está baixo zona de influencia de protección de patrimonio, porque está nun área de douscentos metros dunha capela, non podemos actuar hasta que no lo permita a lei. Hospital de Piñor tamén totalmente de acordo, acollemos iso.

**A sra. Morenza toma a palabra:** A marquesiña puxémola alí, porque existe unha demanda da veciñanza que quería un lugar onde acollerse, entón por unha cuestión de funcionalidade, recoñecemos que é unha marquesiña é obsoleta como case todas as que hai no Concello de Barbadás, polo menos no pobo de Piñor case todas son así, todas, entón nós facémolo por unha cuestión de funcionalidade para que a xente teña onde acollerse.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Este rogo vai dedicado a vostede, ao señor Alcalde, Señor Alcalde rogariámoslle dende o Grupo de Democracia Ourensana que nos vindeiros Plenos se centre na labor de dirixir e moderar os debates, e deixe todo o posible as funcións dos voceiros e os seus compañeiros de partido, iría en beneficio da desexable neutralidade, que debe ter quen preside os debates, non se pide ser xuíz e parte, só moderador, vostede coma min e isto sabeo que llo digo con cariño somos persoas moi vehementes e de fácil acaloramento, porque nos apaixonamos na discusión, somos así, non temos a suficiente frialdade para asumir os dous papeis, temos que renunciar a un, eu rogariálle que vostede se aplicase ó papel de moderador, e cantas veces o esqueza tantas veces llo recordarei, moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Agradezo que me o recorde cantas veces o considere oportuno, pero tamén lle recordo que a Lei indica que eu non son o Presidente das Cortes, nin o Presidentes do Parlamento de Galicia, eu son o Alcalde de Barbadás teño opinión, podo opinar, e así o contempla a Lei, e polo tanto sempre, agradézollo que me o rogue, e eu estou no meu dereito de rexeitalo, xa lle digo agora mesmo que vai a ter que repetilo moitas veces, porque eu non son un Presidente/a das Cortes nin un Presidente ou Presidenta do Parlamento de Galicia, son o Alcalde de Barbadás e polo tanto teño dereito a expresar a miña opinión conforme considere oportuno en cada momento, e non a moderar e a Lei permíteme non moderar os plenos que iso non é a miña función, senón a de intervir expresando a opinión





definitiva dos grupos de goberno, nada máis que dicir.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Ben, ¿podo dicir lle unha cousa? Entón faga vostede o Pleno só porque para estalo escoitando de catro horas, tres a vostede, vostede opina todo, pois fágao soliño, eu fixenlle un rogo, eu sei que vostede pode opinar, senón non sería un rogo, pero vexo que os rogos a vostede non lle van.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Eu convidolle a cando lle entreguen a próxima acta sume os tempos e xa está.

**A sra. Varelas toma a palabra:** Señor Alcalde, vostede intervén en todas, por alusións, non alusións, vostede intervén en todo, eu invitaríao a que fora a ver algún Pleno de Ourense ou de algún outro Concello.

**O sr. Firvida toma a palabra:** Ou da Deputación.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Hai un réxime distinto, hai algún rogo por parte do Partido Popular.

**O sr. González toma a palabra:** Subscribimos totalmente o comentado aquí por Democracia Ourensana, ademais claramente cando un vai de progresista e de demócrata hai que demostralo, non pode ser tantos anos sufrido con Freire e agora facelo peor que el, iso si que é grave. Primeiro felicitar ao Concelleiro Don Rafael Sierra polas xestións realizadas alí, aínda hoxe estaban a mellorar alí o firme na Estrada, e iso penso que é un mérito, conseguir que se movera o Ministerio de Fomento tan rápido, estou a falar do Enlace do Cancún, que presentamos aquí no Pleno anterior, e que xa o melloraron e o están mellorando aínda agora, estalle quitando os baches, moi ben, un dez aí. En canto ao señor Alcalde o segundo rogo sería que xa son moitos os veciños que se achegan a nós para informar do perigo que supón os pasos de peóns da Valenzá, iso está un pouquiño desfasado xa foi máis grave cando houbo cambio de hora era para estar pendentes na medida do posible porque hai perigo de atropelos, entón si fora posible pois sinalizar incluso con estas fluorescentes, ou mantemento con placas solares o algún tipo de medida de ese tipo, para evitar os accidentes, queixáronse bastante xente que ás veces entre as sete e sete e media apagábanse algo cedo, e hai moito tráfico, sobre todo pola Avenida de Celanova que é un perigo que teñen constátao, se pode ser corríxilo.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Intentarémolo corríxir na medida do posible.

**O sr. González toma a palabra:** Grazas, e o terceiro queremos solicitarlle ao Señor Alcalde que solicite por escrito a modificación do enlace hasta a Nacional de Celanova se fora posible coa autopista a altura dos Muíños, ese illote tamén xa leva varios, informes á Garda Civil, emitidos varios informes á Garda Civil, polo perigosa que é, parece que está mal deseñada, e ten habido moitos accidentes, estou a falar do





enlace que temos aí,

**O sr. Alcalde toma a palabra:** A señora Secretaría indicame que si se pode repetir o rogo, que non entendeu ben.

**O sr. González toma a palabra:** Perdón, o señor Alcalde que solicite por escrito a modificación do enlace da Estrada Nacional de Celanova coa autopista á altura de Os Muíños, que xa van moitos informes da Garda Civil que consideran este enlace como perigoso, non estamos descubrindo nada novo, e tamén nos serviría incluso como argumento á hora de solicitarlo para que o modifiquen, para evitar accidentes. E carto e último solicitamos copia das nómina dos Concelleiros con dedicación, sen os datos protexidos, non nos vale o informe que nos fixo a interventora, sen os datos protexidos pola Lei de Protección de Datos, pero con todo o demais, tamén un informe da interventora coas indemnizacións e dietas das Comisións de Goberno, Plenos e demais, de todos os Concelleiros, con dedicación e sen dedicación.

**O sr. Fernández toma a palabra:** Si, primeiro tamén como o meu compañeiro Manu felicitou tamén polo tema do cruce alí onde está o Motel Cancún, eu vouno facer cun paso de peóns que está concretamente na Avenida de Celanova no entroncamento ca rúa do Outeiro, hai un paso de peóns e case sempre había aparcado hai un vehículo alto, sexa camión de descarga, sexa furgoneta, moi ben acertado o arranxo que se lle deu pondo para vehículos de dúas rodas que tamén moitos utilizamos e matáronse dous paxaros dun tiro, temos visibilidade nese paso de peóns, e ademais habilitouse un servizo para as bicicletas, motocicletas e demais. Fíxose ademais tamén un cambio coa Parada do Bus, onde estaba o ximnasio Golfiños, púxose un pouquiño máis adiante, máis antes da chegada ao Ponte da Autovía, entón varios veciños que antes se acollían cando chovía debaixo dos balcóns dos edificios, agora demandan tamén unha marquesiña alí, que non a hai, sobre todo os veciños que collen o autobús de cara aos pobos. Tamén nos trasladan varios veciños unha problemática que existe , por iso o metemos tamén en rogos, no cruce da Avenida de Celanova coa rúa do Viso e na propia rotonda da Familia, e onde está por exemplo a Panadería Sabucedo, onde está Panadería Visterhermosa, estanos pedindo uns valados para obrigar á xente a cruzar nos pasos de peóns, non cruzar en calquera sitio da estrada porque aí vai haber problemas porque moitos camións de carga e descarga se soben ás beirarrúas, entón nos están pedindo iso uns valados, tanto na rotonda da familia nese lado, como no cruce da Avenida de Celanova ca Rúa do Viso, e a poder ser que haxa uniformidade nos cores das reixas, non cada unha dun color. Logo tamén si se teñen dado conta na Avda. de Celanova no cruce coa Solaina, hai dende hai tempo uns socabóns bastante amplos, hai uns baches aí bastante profundos e os coches ao pasar por aí, pois teñen que cambiar de dirección co perigo dos coches que veñen por o outro carril, xa non contemos os que utilizamos vehículos



de dúas rodas, xa sexan motos, bicicletas que de aí imos ao chan, nada máis, moitas grazas.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, preguntas, por favor, moi breves.

**O sr. Sierra toma a palabra:** Boas noites a todos e todas, en primeiro lugar, agradecer as flores que me votaron, pero quero puntualizar unha cousa, é dicir, a maioría das flores son da Concelleira de obras, entón eu non quero tamén todas as flores no meu arredor, solo era iso, nada máis.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas, hai unha serie de preguntas que foron presentadas polo señor Ramón Padrón do Grupo Mixto, foron presentadas por escrito con antelación e dada a hora vámolos a responder xa agora, pero pido que si hai algunha pregunta a presenten por escrito para responder por escrito tamén. A Primeira pregunta que fai o señor Ramón, non sei si as leo eu, ¿si as quere ler vostede?.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Ben, eu as leo rapidamente. Tras varias queixas da veciñanza sobre impostos municipais como as plusvalías, que non se aplican en todos os Concello e son moitas veces descoñecidos polos afectados os que non lle son notificados e polo tanto teñen que afrontar o pago de multas e xuros por demora, ¿considera esta corporación municipal, que a maioría dos veciños saben cales son os impostos deste Concello, e que eles deben pagar?. No caso de que así fose. ¿Dáse a información suficiente, ou as notificacións necesarias en tempo e forma, para que os veciños, veciñas afectados non se atopen con cantidades extra por recargos, xuros ou a privación dalgúns descontos?

**O sr. Firvida toma a palabra:** Si, primeiro o descoñecemento da Lei non exime do seu cumprimento, polo tanto, isto é un imposto municipal que está regulado, de feito está publicitado na páxina web do Concello no apartado de ordenanzas, é a última ordenanza, tedes aí unha copia da ordenanza municipal, que regula o chamado imposto de plusvalías, en Barbadás aplícase un tipo impositivo do 17%, cando o tipo máximo está arredor dun 30% , moitas cidades, moitos Concellos de Galicia aplican dun 25% a un 30%, aquí estase aplicando un 17% e existe unha bonificación do 60% para as plusvalías xeradas por consecuencia de morte, é dicir sucesións, existe esa bonificación do 60%. No Concello de Barbadás recadáronse no ano pasado, cincuenta e dous mil euros en concepto deste imposto, que é un imposto municipal, voluntario e que está aprobado no noso Concello dende o ano 2004, está publicitado na páxina web igual que están o resto das ordenanzas municipais, e os veciños é unha obrigas deles coñecerlos, en todo caso cando hai algúns destes casos o lóxico é que o notario cando fai o imposto de transmisións patrimoniais informe ás persoas de que teñen que consultar no seu Concello se teñen este imposto e pagalo, porque é certo o que ti comentas que pasados seis meses empezan a contarse multas, xuros de demora etc, o que fai moito máis gravoso o imposto, pero é unha responsabilidade do suxeito pasivo.



**O sr. Padrón toma a palabra:** Responderille ás persoas en cuestión isto. Segunda pregunta despois das informacións que saíron nos medios de comunicación sobre a situación dos tanatorios municipais, veciñais e parroquiais, ¿cal é a situación na que se encontran os tanatorios repartidos polo noso Concello en canto a ditas informacións?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moi ben, en relación a ese asunto, debo informarlle de que hai como dúas ou tres semanas creo lembrar, enviamos a información á Xunta de Galicia para o inicio das actividades, firmei eu os documentos a ese efecto, ata o de agora eran locais utilizados para usos múltiples, agora mesmo xa poden, despois desa comunicación previa, xa poden realizar esa actividade como velorio, tanatorio. Dende a Xunta haberá seguramente un plan seguramente de inspección, que no seu momento chegaran aquí a Barbadás e cando os verifiquen, cando os inspeccionen, indicarán si presentan algunha anomalía ou incidencia. Que nós saibamos agora mesmo, non presentan ningunha incidencia relevante, moitas grazas.

**O sr. Padrón toma a palabra:** Por último, logo da alarma que se está a crear por a aparición en Galicia, sobre todo pola costa, pero tamén no interior, de niños de avellas asiáticas e co ánimo de prever males maiores, pois xa hai rexistradas mortes por este fenómeno, tomou medidas o grupo de Goberno sobre un protocolo de actuación para o caso de que apareza un niño no noso Concello? ¿está formado o persoal do Concello, Protección Civil etc .. de como debe actuar? ¿previse dar información á veciñanza?

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Moitas grazas.

**O sr. Sierra toma a palabra:** Dándolle as grazas pola súa preocupación, o primeiro que teño que informarlle é que o protocolo de actuación da coñecida como Velutina ou avespas asiáticas compete a calquera cidadán que sospeite de que nalgún sitio se atope un niño de avespas asiáticas, e despois de que no verán ter unha alarma nunha casa de Piñor, de informarme e chamei a Consellería de medio rural o teléfono 981544777, me dixeron que había que chamar ao teléfono 012 extensión 6, que é a central de coordinación, que envía primeiro ao persoal a mirar si é certo ou si se trata doutro tipo de avespas, como foi neste caso, e logo eles se encargan de destruílo ou recollelo segundo se poida, no caso de Piñor seguindo as súas instrucións, fun unha noite e o destruí, xa que se atopaban nun balcón dunha casa, a avespas era o que se coñece como o típico abesouro,. Por outro lado Protección Civil, algún dos seus membros ten un curso feito de abellas e colmeas e teñen un traxe de protección e unha colmea, pero no caso da Velutina teñen que informar ao 112. Dito isto, tamén convido a todos os Concelleiros presentes e ao público que chamen ao 012 sen saber a extensión a ver si son capaces de chegar a ese sitio, espero que as dúbidas que tiñan por este motivo quedaran resoltas, moitas grazas.



**O sr. Alcalde toma a palabra:** Levántase a sesión. Comentara que as preguntas por escrito dada a hora, neste caso están presentadas

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Claro é o que estou dicindo que as presenten que se contestan por escrito.

**A sra. Secretaría toma a palabra:** Téñense que presentar con 24 horas de antelación.

**A sra. Vispo toma a palabra:** Si pero si nos dades tempo a presentalas maña.

**O sr. Alcalde toma a palabra:** Si, si, por suposto, si se presentan contéstanse posteriormente por escrito. Levantouse a sesión.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 23:40 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL